



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

C.E.I.P. "JUAN REY"

Avda de Soutelo,13. 27760 LOURENZÁ-LUGO

Tfno.: 982 870383

<http://www.edu.xunta.es/centros/ceipjuanrey/>

email: ceip.juan.rey@edu.xunta.es



PLAN XERAL DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

Ceip Juan Rey de Lourenzá

Informado polo Claustro de mestres/as: 24/10/2022

Aprobado polo Consello Escolar:24/10/2022



ÍNDICE

- 1. XUSTIFICACIÓN BASEADA NO CONTEXTO.**
 - 1.1. Introducción**
 - 1. 2. Características do contorno**
 - 1. 3. Características do centro**
 - 1.4. O profesorado**
 - 1.5. O alumnado**
- 2. IDENTIFICACIÓN E VALORACIÓN DAS NECESIDADES.**
 - 2.1. Referenzas legislativas**
 - 2.2. Detección das necesidades**
 - 2.3. Alumnado con necesidades específicas de apoio educativo**
 - 2.4. Procedemento para a detección de necesidades educativas específicas no alumnado**
 - 2.5. Priorización do alumnado a atender**
- 3. DETERMINACIÓN DOS OBXECTIVOS.**
- 4. DESCRIPCIÓN DAS ACTUACIÓN, MEDIDAS E/OU PROGRAMAS PARA A ATENCIÓN Á DIVERSIDADE.**
 - 4.1. Actuacións.**
 - 4.2. Medidas**
 - 4.2.1. Medidas ordinarias**
 - 4.2.2. Medidas extraordinarias**
- 5. DETERMINACIÓN DOS CRITERIOS PARA A ORGANIZACIÓN E DISTRIBUCIÓN DOS RECURSOS E A APLICACIÓN DAS MEDIDAS PROPOSTAS.**
 - 5.1. Recursos persoais.**
 - 5.2. Recursos materiais.**
- 6. CONCRECIÓN DAS ACTUACIÓN DOS DISTINTOS PROFESIONAIS EN RELACIÓN COAS MEDIDAS DESEÑADAS PARA O CENTRO.**
- 7. MECANISMOS DE COORDINACIÓN E COLABORACIÓN INTERNOS, ASÍ COMO CON OUTRAS ETAPAS EDUCATIVAS E COS CENTROS ADSCRITOS OU DE ADSCRIPCIÓN.**
- 8. CANLES DE COLABORACIÓN COAS NAIS, PAIS OU TITORES E TITORAS LEGAIS DO ALUMNADO E COS DIFERENTES SERVIZOS EXTERNOS AO CENTRO.**
- 9. PROTOCOLOS PARA A SOLICITUDE E/OU AUTORIZACIÓN DAS MEDIDAS EXTRAORDINARIAS.**
- 10. PROCESOS DE SEGUIMENTO, AVALIACIÓN E MELLORA DO PLAN.**
- 11. ANEXOS**



1. XUSTIFICACIÓN BASEADA NO CONTEXTO.

1.1. Introducción

Entre os principios que inspiran a **Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio**, de educación e as modificacións que establece a **Lei orgánica 3/2020, do 29 de decembro**, destacan a calidade da educación para todo o alumnado; a equidade, a inclusión educativa e a non discriminación. Por outra parte, é unha directriz dos países da OCDE extender á totalidade do alumnado a consecución dunhas competencias básicas que van a capacitar aos futuros membros da comunidade para o seu desempeño persoal, profesional e cidadá.

Como se recolle no **Decreto 229/2011** polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia, do 7 de decembro, e na **Orde de 8 de setembro de 2021**, que o desenvolve, a diversidade, é unha realidade social, e, polo tanto, unha realidade en cada centro educativo. A resposta educativa a esa diversidade debe concretarse en cada un dos proxectos educativos, especialmente no Plan Xeral de Atención á Diversidade, no que se recollerán o conxunto de medidas e accións deseñadas coa finalidade de adecuar a resposta educativa ás diferentes características, potencialidades, ritmos e estilos de aprendizaxe, motivacións e intereses e situacións sociais e culturais de todo o alumnado.

Neste Plan Xeral de Atención á Diversidade (PXAD) especificáanse as propostas organizativas e curriculares que implican a toda a comunidade, dende o Equipo directivo, como responsable de velar pola súa aplicación ata os demais membros, e ten como marco contextual a realidade socioeducativa deste Centro.

1. 2. Características do contorno

Lourenzá é un concello ubicado en zona rural, dividido en catro parroquias: San Tomé, San Xurxo, San Adrao e Santa María de Vilanova, que é a capital. A súa economía baséase no sector primario, destacando os subsectores de gandería, agricultura e forestal. Sendo máis importante éste último, tanto polo enorme potencial de madeira que ten nos montes como polas industrias derivadas que están asentadas dentro dos seus límites. Na actualidade estas industrias están moi afectadas pola crise polo que se produciron despidos masivos.

Nas últimas décadas tamén cobrou gran importancia o mercado da faba, tódolos domingos na época de recolleita.



En canto a servicios públicos e sociais, a localidade conta cun Centro de Saúde, atendido por dous médicos e unha A.T.S. (unha vez á semana ven unha pediatra).

Hai unha biblioteca que funciona en días laborables de 17 a 20 horas. É atendida por unha bibliotecaria. O concello conta cos servicios dunha traballadora social e unha educadora familiar.

A nivel comarcal hai un Servizo de Atención Temperá e un Centro de Información á Muller (CIM).

Funcionan tres asociacións ou agrupacións, das cales unha é a Asociación Cultural "Osorio Gutiérrez" que programa diversas actividades para nenos e adultos, (entre elas a escola de música e baile tradicional), outra a "Agrupación Deportiva Lourenzá", que oferta todo tipo de actividades deportivas e a "Asociación Amas de Casa" con actividades coma cursiños, exposicións, viaxes, etc.

Polo que respecta ás instalacións ten un pequeno parque infantil, unha piscina municipal que funciona entre xuño e setembro e un pavillón polideportivo cuberto.

1.3. Características do Centro.

O noso Colexio "Juan Rey" está situado na saída do centro urbán e conta cun amplo recinto con valado de cemento, con zonas cubertas e canchas deportivas. É un Centro público con 9 unidades, 3 de E. Infantil e 6 de E. Primaria. Escolarízanse arredor de 125 [alumn@s](#) dende os 3 ós 12 anos.

As actividades escolares desenvólvense en xornada de mañá (de 9:20 a 14:20 horas) e as extraescolares en horario de 15.20 a 17.20.

En canto ás instalacións, o edificio consta de dúas plantas. Preto do edificio principal hai un galpón utilizado como ximnasio e salón de actos. Detrás deste está o pavillón polideportivo que se utiliza no horario escolar. Na parte esquerda un patio cuberto cun espazo separado para ed. Infantil

Este Centro está inscrito ao Instituto de Educación Secundaria "S. Rosendo" de Mondoñedo.



1.4. O profesorado

A plantilla do Colexio está formada por 14 profesores con destino definitivo e 1 con destino provisional, 4 profesoras de E.Infantil, 5 profesores de E. Primaria, 1 especialista en F.F. que imparte EP, 1 especialista en F.I., 1 especialista en E.M., 1 especialista en E.F., 1 especialista en P.T., 1 Orientadora (Orientación Compartido), 1 con destino nouro centro (AL) e a profesora de relixión. O profesorado participa habitualmente en cursos e seminarios de formación.

1.5. O alumnado

Escolarízanse 125 alumnos e alumnas dende os 3 ós 12 anos, sendo procedentes do estranxeiro o 25%, 22% de orixe marroquí e 3% de sudamérica. Da totalidade, 3 presentan necesidades educativas especiais e 14 necesidades específicas de apoio educativo.

Practicamente a totalidade son galego-falantes. O nivel socioeconómico é medio ou medio-baixo.

2. IDENTIFICACIÓN E VALORACIÓN DAS NECESIDADES.

2.1. Referenzas legislativas

O Decreto 229/2011 do 7 de decembro (DOG do 21) que regula a atención á diversidade na nosa Comunidade Autónoma establece no artigo 33, apartado 5 que “os servizos de Orientación deberán asesorar á totalidade da comunidade educativa nos procesos de identificación das necesidades educativas do alumnado e dos resultados desa identificación e valoración, así como, de ser o caso, da aplicación das actuacións e medidas de atención á diversidade que se consideren oportunas”.

No mesmo artigo 33 e no parágrafo 1 explicita que “a identificación temperará das necesidades educativas do alumnado, a súa valoración e a resposta educativa procedente constitúen procesos necesarios para adecuar as medidas e recursos educativos á diversidade”.

Asimesmo no apartado 2 do devandito artigo 33 contempla que “a avaliación inicial... constitúe un factor preventivo por excelencia na atención á diversidade, en xeral, e na atención ó alumnado con necesidade específica de apoio educativo, en particular”. Continúa afirmando (apartado 3) que “ao finalizar cada curso avaliarase o proceso educativo de cada alumna e de cada alumno, especialmente os resultados



acadados en función dos obxectivos propostos a partir da avaliación inicial realizada”.

No artigo 34 referido á avaliación psicopedagóxica establécese que é competencia e responsabilidade da Xefatura do Departamento de Orientación, coa colaboración, de se-lo caso, dos equipos de orientación específicos, que a súa finalidade é a de *identificar as necesidades educativas*.

Pola súa banda a **Orde do 8 de setembro de 2021** (DOG do 26 de outubro) no Capítulo II artigo 6 establece a tipoloxía de alumnado con necesidade específica de apoio educativo e as actuacións a poñer en marcha, tanto para a prevención de aparición desas necesidades coma para a intervención educativa temperá e seguimento por parte dos servicios de orientación e tutoría no centro..

2.2. Detección das necesidades

Na identificación e valoración das necesidades educativas teremos en conta a concepción de atención á diversidade na que se inclúen como tales necesidades as diferentes características, ritmos e estilos de aprendizaxe, motivacións, intereses e situacións sociais e culturais de todo o alumnado. Dende esta perspectiva hai varios momentos e/ou elementos de análise que se interrelacionan:

- a) Detección preventiva: na que se valoran as características do alumnado de nova incorporación, ben sexa no nivel de 4º de E. Infantil ou en calquer momento que se incorporen ao centro para ter en conta as diferencias individuais en todos os aspectos, tanto persoais coma académicos.
- b) Detección temperá de necesidades: na que se valoran aspectos prioritarios para detectar posibles necesidades específicas de apoio educativo mediante enquisa dirixida ao titor e correxida pola xefa do Dpto. de Orientación.
- c) Ditame de n.e.e cando os alumnos solicitan unha plaza baixo este epígrafe realizando un informe psicopedagóxico por parte dos servicios de orientación.
- d) Detección de necesidades a través dos resultados das avaliacións ordinarias e dos informes do titor, ben en sesións de avaliación ou en coordinación de tutoría orientación-titor-familia.
- e) Detección de necesidade a través da avaliación formativa, en reunións de Equipos docentes, Equipos de ciclo, C.C.P ou Dpto. de Orientación.



2.3. Alumnado con necesidades específicas de apoio educativo

Refírese este concepto ás alumnas e os alumnos que requiren unha atención educativa diferente á ordinaria, por presentaren necesidades educativas especiais, por atraso madurativo, por trastornos do desenvolvemento da linguaxe e da comunicación, por trastornos de atención ou de aprendizaxe, por descoñecemento grave da lingua de aprendizaxe, por se atoparen en situación de vulnerabilidade socioeducativa, polas súas altas capacidades intelectuais, por se teren incorporado tarde ao sistema educativo ou por condicións persoais ou de historia escolar.

- a. **Alumnado con necesidades educativas especiais (n.e.e.)** o que afronta barreiras que limiten o seu acceso, a súa presenza, a súa participación ou a súa aprendizaxe, derivadas de discapacidade ou de trastornos graves de conduta, da comunicación e da linguaxe, por un período da súa escolarización ou ao longo de toda ela, e que require determinados apoios e atencións educativas específicas para a consecución dos obxectivos de aprendizaxe adecuados ao seu desenvolvemento.
- b. **Alumnado en situación de vulnerabilidade socioeducativa** e/ou cultural aquel que presenta desigualdades derivadas de factores sociais, familiares derivados de violencia de xénero, económicos, culturais, xeográficos, étnicos ou doutra índole.
- c. **Alumnado con altas capacidades intelectuais**, o que presenta unha capacidade intelectual igual ou superior a 130 de cociente intelectual, un alto nivel de creatividade e persistencia nas tarefas de alta complexidade intelectual ligadas ás súas áreas de interese.
- d. **Alumnado de incorporación tardía ao sistema educativo** cando, por procederen doutros países ou por calquera outro motivo xustificable, se escolarizan tardiamente no noso sistema educativo e presentan dificultades para acadaren os obxectivos e as competencias que lles correspondería pola súa idade. Esas dificultades maniféstanse, especialmente, no descoñecemento dalgunha das linguas oficiais de Galicia e/ou no desfase curricular.

2.4. Procedemento para a detección de necesidades educativas específicas no alumnado

Os equipos docentes detectarán e valorarán as necesidades educativas dos seus alumnos e alumnas cando estes presenten dificultades para seguir o proceso de



aprendizaxe partindo dos informes finais de avaliación, das avaliacións iniciais e das trimestrais, da observación do alumno, das súas producións escolares e dos datos facilitados polos pais e por outros profesionais.

Adoptarán, en primeiro lugar, as medidas de reforzo e recuperación previstas na programación de aula e na individualizada podendo incorporar o alumno aos programas de reforzo establecidos.

Se a problemática do alumno esixise unha intervención máis diferenciada faríase unha derivación ó Departamento de Orientación seguindo o seguinte proceso:

- a. Detección das necesidades educativas dos alumnos e alumnas na aula aténdose ás dificultades para seguir o proceso de aprendizaxe.
- b. Cumprimentación do protocolo de solicitude de demanda de intervención ó Departamento de Orientación por parte do titor ou titora (quen pode solicitar a colaboración doutros profesores). O profesor demandante debe proporcionar a meirande cantidade de información, explicitada por escrito.
- c. Remisión da devandita solicitude ó Director do centro ou ao Xefe do Dpto. de Orientación.
- d. O D.O. analiza a demanda e determina se é necesaria unha avaliación e o correspondente informe psicopedagóxico. No suposto de consideralo necesario iniciaríase o proceso de elaboración e información ao Director, xefe de estudos e ó titor, (quen a trasladará ó equipo docente) e á familia.
- e. Planificación das medidas educativas previstas e aplicación das mesmas polo titor e/ou o equipo docente co asesoramento do D.O. Inclusión das medidas na programación. Realizarase unha entrevista co profesor demandante onde quedarán explicitados, por acordo, os seguintes aspectos:
 - responsabilidades de cada axente educativo na avaliación inicial que sexa precisa,
 - responsabilidades no tratamento das necesidades educativas,
 - establecemento das fases de intervención: (deseño, implementación e avaliación do programa)
- f. Seguemento e avaliación do programa e medidas a adoptar en función da evolución do alumno.

2.5. Priorización do alumnado a atender

Dacordo coa lexislación vixente, todo alumnado debe ser atendido, en primeiro lugar polo titor e o equipo docente correspondente. Cado sexa preciso a intervención de



profesorado especialista a orde de prioridades para atender alumnos con n.e.a.e., en función dos recursos dispoñibles, sería a seguinte:

1. Alumnado con n.e.e. asociadas a discapacidade.
2. Alumnado con n.e.a.e. escolarizado con A.C.
3. A.n.e.a.e. xa escolarizado con informe psicopedagóxico e/ou ditame de escolarización realizado.
4. Alumnado con dificultades graves de aprendizaxe (é necesario apoialo desde os niveis máis baixos).
5. Continuarase cos apoios realizados no curso anterior.
6. Terase en conta a existencia doutros alumnos con neae moi significativas nese mesmo grupo-clase, a ratio profesor/nº de alumnos e a dispoñibilidade horaria dese profesor/a.
7. O apoio será, agás momentos puntuais, dentro da aula ordinaria segundo os principios de normalización e inclusión.
8. Buscarase un apoio de calidade fronte a un de cantidade.

3. DETERMINACIÓN DOS OBXECTIVOS.

Este Plan ten como obxectivo xeral crear as **condicións organizativas e metodolóxicas** que permitan dar a todo o alumnado unha resposta educativa axeitada, facilitándolle a adquisición das competencias e os obxectivos previstos no currículo correspondente de cara a un desenvolvemento integral e á súa inclusión escolar e social.

- Diseñar **actuacións que posibiliten a adquisición das competencias** á totalidade do alumnado, dende as revisións de propostas didácticas ata a coordinación de metodoloxías.
- Poñer en marcha programas de **prevención de posibles dificultades de aprendizaxe** (Programa de estimulación da linguaxe, estratexias de comprensión lectora...).
- Facilitar **axudas para a aprendizaxe**, por medio do deseño de plans de reforzo educativo e/ou adaptacións curriculares.
- **Valorar as necesidades educativas**, no ámbito da atención á diversidade, dos/as alumnos/as e do seu contexto e desenvolver programas de intervención.
- Diseñar **respostas educativas adaptadas e coordinadas** para o alumnado con necesidades específicas de apoio educativo.
- Procurar unha rápida e eficaz **adaptación do alumnado estranxeiro ao centro e ao**



contorno e aprendizaxe das linguas, adquirindo todo o alumnado uns niveis axeitados de competencia intercultural por medio do desenrolo de actitudes favorecedoras da convivencia entre outras culturas, establecendo contidos curriculares que o possibiliten.

- Promover a **comunicación e colaboración das familias** e a súa implicación no proceso de ensino e aprendizaxe dos seus fillos no nivel que lles corresponde.

4. DESCRICIÓN DAS ACTUACIÓNS, MEDIDAS E/OU PROGRAMAS PARA A ATENCIÓN Á DIVERSIDADE.

4.1. Actuacións.

O Decreto 229/2011 establece que no marco das actuacións destinadas a adecuar a resposta educativa á diversidade, os centros docentes deberán:

1º- Tomar as decisións e adoptar as medidas que optimicen a acción educativa, respondan ás necesidades do alumnado e contribúan á consecución das competencias e dos obxectivos das diferentes etapas e ensinanzas.

A primeira actuación deste tipo será que **o/a titor/a estableza unha rede coordinadora entre o distinto profesorado (equipo docente)**; que coñeza a situación persoal de cada alumno/a, os principais datos evolutivos e de saúde, o estilo e o ritmo de aprendizaxe de cada quen; que reflexione sobre a metodoloxía máis axeitada para o alumnado respecto do seu achegamento ao currículo; que analice as relacións que establecen e a súa utilidade nos agrupamentos dentro da clase; que demande asesoramento do departamento de orientación, etc.

En consecuencia establécense como actuacións a nivel de centro as seguintes:

- Revisión das programacións didácticas no mes de outubro, xaneiro e abril para comprobar a adecuación ao grupo:
 - Ver se os mínimos esixibles poden ser acadados pola maioría dos alumnos coas actividades propostas ou se hai que modificaes estas.
 - Ver se as actividades propostas están contextualizadas para estes alumnos concretos (teñen significado para eles e poden ser realizadas por todos nalgún nivel de desempeño), se os agrupamentos e temporalización son os axeitados ou se reciben as axudas necesarias.
 - Ver se os materiais e recursos a utilizar están adaptados ás necesidades dos alumnos concretos.



- Realización de tres xuntanzas trimestrais de equipo docente:
 - Primeira xuntanza para valorar os resultados da a avaliación inicial e consensuar a intervención educativa.
 - Segunda xuntanza para realizar un seguimento e plantexar as modificacións pertinentes
 - Terceira xuntanza para realizar a avaliación trimestral e comprobar a eficacia do plan de traballo proposto para acadar os obxectivos.

2º- Diseñar e poñer en práctica accións preventivas e de detección temperá, garantindo un tratamento educativo personalizado e adaptado á realidade de cada alumna e de cada alumno.

- Recollerase toda a información pertinente que obra nos expedientes e a través de entrevistas coas familias para **coñecer as necesidades e características persoais** do alumnado. O máis salientable desta información figurará como **elemento determinante** nas Programacións de aula.
- Os titores/as correspondentes realizarán a preceptiva avaliación inicial, e aplicaranlles ao longo do primeiro mes do curso a **Escala de detección de necesidades** facilitada e revisada pola xefa do departamento de orientación, aos alumnos que amosan discrepancia cos resultados esperados.
- Realizarase unha **valoración conxunta entre dpto. de orientación e titores** nos periodos críticos para a aprendizaxe tales coma o momento da automatización da lecto-escritura ou manexo da numeración (6º de EI e 1º de EP) para detectar fallos no proceso e realizar os axustes oportunos.
- Analizarase o estado de convivencia nas aulas ao longo dos cursos alomenos cada dous cursos tomando as correspondentes medidas de intervención, nos casos que o requiran.

3º- Concretar e desenvolver os principios de atención á diversidade nas decisións de carácter pedagóxico, organizativo e de xestión do centro.

Realizarase anualmente unha xuntanza de claustro co fin de reflexionar sobre os principios que asumimos e están propostos nos diferentes documentos (PE, PAT, NOFC) e as prácticas tendentes a conquerilos.



(Metas educativas do PEC):	Decisións pedagóxicas	Decisións organizativas
Formación na comprensión e na tolerancia a través do exercicio de respecto a todas as diferenzas.	O mestre responsabilizarase de todo o alumnado calquera que sexa a súa capacidade e desempeño e plantexará actividades que poidan ser realizadas a diferentes niveis.	Apoio dentro da aula ordinaria con dous profesores que atenden a todo o grupo e non a un alumno en particular.
Formación para a paz e a convivencia a través do exercicio da colaboración e cooperación nas relacións persoais profesor -alumno e alumno- alumno.	O profesorado realizará un traballo conxunto e coordinado de planificación, discusión de criterios metodolóxicos, avaliación do proceso, etc. O profesorado utilizará habitualmente na aula todos os tipos de agrupamento (grupo-clase, equipos ou grupos cooperativos e traballo individual)	Coordinación do Equipo docente sobre metodoloxía, agrupamentos e flexibilización de horarios. Posibilidade de desdoble de grupos en períodos determinados.



Formación e desenvolvemento integral da personalidade conquerindo un comportamento cada vez máis autónomo e autocontrolado cunha autoestima axustada ás súas posibilidades e limitacións	O alumnado que promociona sen acadar os obxectivos mínimos terá unhas actividades axeitadas ó seu nivel do mesmo xeito ca aqueles que superan o nivel do grupo terán unhas actividades de ampliación axustadas ás súas capacidades, sendo en cada caso o éxito na tarefa equivalente ó esforzo realizado.	Adaptacións curriculares non significativas e de acceso (Acordos do equipo docente sobre os mínimos esixibles) Actividades máis creativas e independentes para os alumnos que destacan.
--	---	--

4º- Desenvolver medidas e actuacións de tipo curricular, relacional e organizativo para promover a convivencia, a non discriminación e o respecto polas diferenzas.

Poñeranse en marcha as seguintes actuacións en función das prioridades nos diferentes momentos do curso e especialmente na programación do principio de curso.

ACTUACIÓNS	ELEMENTOS
Recoller información sobre as características persoais do alumno.	Autoconcepto
	Situación dentro do grupo
	Estilo de pensamento (reflexivo-impulsivo)
	Recursos e habilid. Sociais: estilo de enfrontamento ó conflito, capacid. de empatía, autocontrol...
Elaborar un plan con estratexias de personalización do ensino en cada aula.	Avaliación inicial e análise da diversidade
	Respostas previstas para atender ás necesidades educativas individuais.
	Seguimento das accións desenvoltas e os resultados individuais acadados polo alumnado



Programación de actuacións encamiñadas ó desenvolvemento social e afectivo do alumnado.	Coñecerse a sí mesmo e valorar as capacidades e limitacións
	Recoñecer e expresar os propios sentimentos.
	Controlar os sentimentos e a resposta emocional ante os mesmos.
	Saber escoitar, poñerse no lugar do outro.
Planificación conxunta e coordinada de actividades que incorporan metodoloxías axeitadas ás necesidades e intereses do alumnado.	Saber comunicarse e controlar a agresividade
	O Equipo docente reúne periodicamente para priorizar obxectivos e contidos axústandose ós diferentes intereses, niveis e motivacións.
	O Equipo docente diseña conxuntamente actividades cunha metodoloxía activa e participativa que favoreza a motivación e implicación do alumnado.
Establecer unha canle formal e ordinaria para achegar as demandas e compartir inquedanzas entre o centro e o alumnado e as familias	O equipo docente valora ata que punto as actividades propostas son susceptibles de ser realizadas con éxito por todos e cada un dos alumnos.
	O profesorado establece un tempo concreto para coñecer o grao de satisfacción do alumnado sobre diferentes aspectos (o desenrolo das actividades lectivas, a relación no grupo, ...)
	O equipo docente recibe ás familias periodicamente para propiciar a súa participación e colaboración
	O centro establece a dinámica de concretar compromisos entre profesor, alumno e familia, como fórmula de intervención

5º- Optimizar a organización dos recursos do centro para atender e dar resposta ás necesidades de todo o alumnado, en particular daquel con necesidade específica de apoio educativo.

Para a atención ás diferencias individuais e particularmente ao alumnado con necesidade específica de apoio educativo poñeremos a súa disposición os recursos cos que conta o centro para ofrecerlles, dentro das nosas posibilidades, unha educación de calidade. Neste senso, destacamos:



Recursos materiais: O centro facilitará o uso dos diferentes recursos do centro (biblioteca, aula de informática, patio, ximnasio, laboratorio, comedor, aula de música) e o equipo de mestres comprométese a utilizar materiais didácticos variados dentro da mesma asignatura (impreso, audiovisual e manipulativo) optando en cada caso por aquel que sexa potenciador de aprendizaxes máis funcionais, significativos e construtivos.

Recursos persoais: Constituen un recurso do centro todos os implicados no proceso educativo e estará dispoñible para todo o alumnado a través do equipo docente coordinado polo titor. Equipo directivo, equipo docente, titores, profesores das distintas áreas, orientadora, PT, AL e as familias forman parte dos recursos para todo o alumnado do centro. Así como servizos externos: Cefore, Equipo de Orientación Específico (especialista déficits sensoriais, motores, conduta,...), asociacións como a ONCE, ASPANAES, APNED, Servizo de Atención Temperá..., servizos sanitarios (pediatra, fisioterapeuta, neurólogo,...), servizos sociais, outros profesionais (logopeda, intérprete lingua de signos, auxiliar técnico educativo, ...).

- **Equipo directivo:** Tomará decisións sobre a distribución de horarios de xeito que permita adicar as horas libres de docencia a atención e apoio nas aulas que se necesite e asignar cometidos en función da formación e competencia profesional de cada docente.

- **Titor:** principal responsable da orientación dos/as seus/súas alumnos/as, efectuará o seguimento da aprendizaxe e integración de cada alumno para detectar as posibles dificultades e contribuír á personalización dos procesos de ensino-aprendizaxe, de xeito coordinado co resto de mestres.

- **Xefa do Departamento de Orientación:** Orienta e coordina as intervencións de apoio ao proceso de ensino-aprendizaxe e de atención á diversidade.

- **As familias:** terán un peso proporcional ás súas funcións cuidando non depositar neles o peso da aprendizaxe ou conduta dos alumnos na escola pero facendos copartícipes naqueles aspectos que son do ámbito compartido.

6º- Potenciar a acción titorial e orientadora por parte de todo o profesorado.

Isto será levado a cabo, principalmente, tomando como referente o Plan de Acción Titorial e o Plan de Orientación do centro, tendo en conta que todos os mestres, son os primeiros axentes que teñen que cumprir unha función titorial e orientadora.

7º. Promover a implicación das nais, pais ou titores e titoras legais do alumnado no proceso educativo.

Esta relación levarémola a cabo a través dos diversos canles de participación das familias coa escola:

Grupais ou colectivos: Asociacións de nais e pais de alumnos (ANPAS) e Consello



Escolar (CE), actividades formativas: (a través de charlas, conferencias, escolas de pais,...), reunións comúns: (como ao inicio do curso, ...), outros: páxina Web do centro, blogs, notas informativas, boletíns, trípticos,...

Individuais: entrevistas, reunións, encontros informais, informes de avaliación, chamadas de teléfono, axenda escolar, notas, caderno viaxeiro, ...

7º- Impulsar a participación do profesorado en actividades de formación e innovación, no intercambio de experiencias no ámbito da atención á diversidade.

Vivimos nunha sociedade cambiante polo que o concepto de “formación continua” é imprescindible para un profesorado que pretenda acadar un desenvolvemento integral do seu alumnado. Esta formación pasará pola:

- A investigación na aula, buscando continuamente novas solucións aos problemas que presenta cada contexto educativo. Buscarase a reflexión sobre a práctica docente e utilizaranse técnicas de investigación-acción.
- Formación continua en temas como: adquisición de competencias clave, Tecnoloxías da información e comunicación (TIC), Linguaxe audiovisual, Boas prácticas didácticas, Tratamento da diversidade, Dinámica de grupos, Resolución de conflitos, etc.

Co fin de potenciar a formación do profesorado, poranse en marcha actuacións coma:

- Realizar as oportunas reunións e darlle importancia á colaboración de todos. Axuntar esforzos e reflexionar sobre a práctica diaria, ter reunións informais, etc.
- Procurar que as actuacións e programas que se propoñan no centro se leven a cabo, informando dos resultados.
- Procurar realizar un esforzo de xestión eficaz, sen perda de tempo no desenrolo de actividades, reunións,...
- Traballar a través de proxectos de centro, por unha meta común, procurando que todo o equipo se implique e se considere parte integrante deses proxectos.
- Favorecer a participación do profesorado, a través das distintas coordinacións. É preciso dispoñer de tempo para falar, discutir, tomar acordos en consenso e planificar e elaborar o traballo a realizar, especialmente co e para o noso alumnado.
- Dar cabida ás suxestións e achegas da comunidade educativa.

4.2. Medidas

Segundo establece o **Decreto 229/2011**, enténdese por **medidas de atención á diversidade**, aquelas actuacións estratexias e/ou programas destinados a proporcionar unha resposta axustada ás necesidades educativas do alumnado. Estas clasifícanse en ordinarias e extraordinarias.



4.2.1. Medidas ordinarias: Refírese ás medidas que facilitan a adecuación do currículo prescritivo, sen alteración significativa dos seus obxectivos, contidos, competencias básicas, criterios de avaliación e estándares, ao contexto sociocultural do centro educativo e ás características do alumnado. Teñen como finalidade dar resposta ás diferenzas en competencia curricular, motivación, intereses, relación social, estratexias, estilos e ritmos de aprendizaxe e están destinadas a facilitar a consecución dos obxectivos e competencias establecidas nas diferentes ensinanzas.

Medidas **ordinarias** de atención á diversidade segundo as establecidas no D. 229/2011

a) Adecuación da estrutura organizativa do centro (horarios, agrupamentos, espazos) e da organización e xestión da aula ás características do alumnado.
b) Adecuación das programacións didácticas ao contorno e ao alumnado.
c) Metodoloxía baseada no traballo colaborativo en grupos heteroxéneos, tutoría entre iguais e aprendizaxe por proxectos e outras que promovan a inclusión.
d) Adaptación dos tempos e instrumentos ou procedementos de avaliación.
e) Aulas de atención educativa e convivencia e medidas e actuacións destinadas á mellora da convivencia.
f) Desdoblamento de grupos.
g) Reforzo educativo e apoio do profesorado con dispoñibilidade horaria.
h) Programas de enriquecemento curricular.
i) Programas de reforzo nas áreas instrumentais básicas.
j) Programas de recuperación.
k) Programas específicos personalizados.
l) Programas de habilidades sociais.

a) Adecuación da estrutura organizativa do centro (horarios, agrupamentos, espazos) e da organización e xestión da aula ás características do alumnado.

A principal medida a adoptar no centro é a **organización do traballo dos profesores en equipos**.

- Á hora de elaborar os horarios, terase en conta un criterio que permita ós integrantes do **Equipo Docente** un tempo libre de carga lectiva para poder coordinar programacións didácticas e desenvolver a acción tutorial co asesoramento do Departamento de Orientación.
- Nas **Xuntas de Avaliación**, realizarase un intercambio de información do profesorado para a valoración do desenvolvemento das competencias clave



en tódolos alumnos do centro, sexan cales sexan as súas características e, fundamentalmente, para a avaliación do proceso e a súa mellora.

- Para o mellor aproveitamento dos recursos do centro realizarase unha reunión mensual de coordinación dos diferentes titores dentro dos **Equipos de Biblioteca e TIC**.

A nivel de aula contémpanse as seguintes propostas, segundo as necesidades:

- **Diversificación de espazos** como aula de clase: utilizando de forma sistemática, e non puntual ou anecdótica, a biblioteca, a aula de informática o laboratorio ou o espazo exterior.
- **Flexibilidade de horarios** que permita impartir o currículo de forma integrada, tal como establece o Decreto 155/2022. As horas de adicación a cada materia serán semanais e non diarias para permitir a posta en práctica de tarefas integradas e proxectos de traballo.
- **Agrupamentos: *Realizaranse os seguintes agrupamentos en función das actividades.***

Grupo clase.- para presentación das actividades e explicación en xeral.

Individual.- Para experimentación manipulativa de conceptos novos (expl:decena) e práctica do aprendido.

Parellas.- para titorización entre alumnos con material manipulativo.

Pequeno grupo.- para aprendizaxe cooperativo (resolución dos problemas aprender, a aprender dos demais, aceptar os erros, etc).

b) Adecuación das programacións didácticas ao contorno e ao alumnado.

O elemento básico para incorporar medidas de atención á diversidade é a propia programación das áreas, en tanto que supón unha concreción do currículo establecido que nos permite **partir dos niveis de competencia xa adquiridos e secuenciar os pasos para responder ás necesidades detectadas** nas avaliacións internas e externas.

A programación será elaborada de xeito que cumpla cos seguintes criterios:

- Que permita ao mestre dominar o currículo e ter un **control do proceso** facendo fincapé naqueles estándares que lle parecen mais necesarios para os seus alumnos e incidindo menos noutros nos que xa son máis competentes.
- Que busque **conquerir desempeños**, ou sexa competencias que están ligadas aos estándares que se interrelacionan en todas as áreas (p.e.compreensión lectora).Os contidos teñen un papel secundario xa que somentes teñen a función de servir de soporte e non se corresponden, necesariamente, cos obxectivos didácticos, de xeito que non é prescriptivo que o alumno aprenda todos os contidos senón que os manexe para conquistar o estándar correspondente.
- Que permita plantexar **tarefas que sexan relevantes e significativas**



para os alumnos e NON plantexar ACTIVIDADES DE SIMPLE REPETICIÓN (Copiar enunciados e buscar resposta)

- Que estableza a importancia relativa de cada estándar para que quede claro cal vai ser o tempo e esforzo que debemos asignarlle na realización das actividades e exercicios e o **nivel de desempeño** que se vai esixir ao alumno para acadar unha calificación positiva.
- Que estableza o procedemento para que cada un destes niveis de logro sexa coñecido, con anterioridade polos alumnos (e polas familias). Isto clarifica o desempeño que se esixe e permite ao alumno saber como pode subir de nivel. É o criterio de transparencia que debe cumprir a programación.

c) Metodoloxías baseadas no traballo colaborativo en grupos heteroxéneos, tutoría entre iguais, aprendizaxe por proxectos e outras que promovan a inclusión.

A metodoloxía que seguimos baséase no principio de **flexibilidade e integración** que consiste en aproveitar elementos positivos de cada modelo sen descartar ningún: a nivel de agrupamentos (traballo en grupo cooperativo, traballo individual e autónomo, alternancia duns con outros); na combinación de métodos, técnicas e actividades; na utilización de diversas linguaxes (verbal, icónico, xestual) e diversos soportes (audiovisual, gráfico, informático). En todo caso introducirase a actividade de **traballo en grupo, alomenos cunha periodicidade semanal** e non de forma esporádica.

Neste sentido, seguindo as recomendacións do Decreto 105/2015, iniciarase o desenvolvemento de metodoloxías que permitan mellorar as competencias clave mediante o desenvolvemento de **tarefas** e actividades relacionadas coa resolución de problemas en contextos da vida real.

Trataremos de **conquerir desempeños reais** no alumnado e valorar esa adquisición de forma obxectiva e transparente. Polo tanto a avaliación non será de adquisición dos contidos senón da aplicación dos mesmos en diferentes contextos: comprender e expresar, resolver problemas, modificar hábitos e actitudes en determinadas situacións da vida cotiá.

d) Adaptacións dos tempos e instrumentos ou procedementos de avaliación.

Tal como establece o 155/2022 no artigo 21, terá un carácter formativo e será un instrumento para a mellora dos procesos de ensino e aprendizaxe. Avaliaranse tanto as aprendizaxes do alumnado como os procesos de ensinanza e a propia práctica docente, para o que establecerán indicadores de logro nas programacións docentes.



Para garantir o dereito dos alumnos e alumnas a que o seu rendemento sexa valorado conforme criterios de plena obxectividade, a programación de curso e de área establecerá os instrumentos de avaliación que se utilizarán para avaliar cada un dos estándares, o peso que vai ter cada un na valoración final e o grao de consecución que será necesario para unha avaliación positiva.

Tamén se adoptaran medidas para facer públicos e comunicar ás familias os criterios de avaliación, os estándares de aprendizaxe avaliábeis, as estratexias e instrumentos de avaliación, así como os criterios de promoción.

Dentro deste marco, pode ser preciso levar a cabo **adaptacións** en canto ao *que, como e cando avaliar*, para determinados alumnos/as con **necesidades específicas de apoio educativo** (Ver protocolos TDAH, TEA, etc) para o que, nas mesmas programacións se determinarán as adaptacións necesarias nos procedementos de avaliación (deixarlles máis tempo, maior número de probas, probas orais, etc...).

e) Aulas de atención educativa e convivencia e medidas e actuacións destinadas á mellora da convivencia.

A Lei 4/2011 do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa, prevé a elaboración, polo Dpto. de Orientación de cada centro, de programas de habilidades sociais, dirixidos ao alumnado que incorra reiteradamente en condutas disruptivas, coa finalidade de mellorar a súa integración no centro e tamén a aquel alumnado que como consecuencia da imposición de medidas correctoras previstas, se vexa temporalmente privado do seu dereito de asistencia ao centro. Nos artigos 6, 7, 8 e 9 do Título II, establécense os dereitos e deberes das nais e pais ou titoras e titores legais, do alumnado, do profesorado e do persoal de administración e de servizos.

O Título III, nos distintos capítulos, está referido ás normas básicas de convivencia nos centros docentes, ás condutas contrarias á convivencia e á súa corrección e á prevención e tratamento de situacións de acoso escolar. Todos estes aspectos aos que se refire a devandita Lei, estarán recollidos e concretados no Regulamento de Réxime Interior do centro.

A aula de convivencia:

- Será unha medida excepcional que se tomará unha vez esgotadas outras medidas inclusivas.
- Terase como referente o Plan de Convivencia do centro e as medidas que nel se establecen, garantido o seu cumprimento.
- Plantexarase como medida educativa, antes ca punitiva. Aínda que servirá para atender ao alumnado que pola súa conduta disruptiva impida o normal desenvolvemento do traballo do grupo-clase ou cause un



problema importante na convivencia no centro, o principal obxectivo será conquistar un cambio real de actitude e de conduta no alumno e deberá incluír actividades encamiñadas a ese fin (de habilidades sociais) e nunca de castigo (copias, deberes, etc)

f) Desdobramentos de grupos.

Esta medida consistirá, en distribuír ao alumnado dunha clase, en dous grupos heteroxéneos, en canto ao nivel de competencia curricular, mantendo en cada grupo a diversidade de capacidades, intereses e motivacións, tomando como criterio o numérico. Levarase a cabo en materias instrumentais, con dous profesores distintos e en aulas diferentes.

O currículo será o ordinario e a programación a mesma para os dous grupos resultantes do desdoblamento, podéndose propoñer naqueles grupos nos que se detecte un número elevado de alumnado con dificultades de aprendizaxe e/ou desfase en áreas instrumentais, con N.E.E., etc..

Poderase aplicar, tamén, esta medida para introducir conceptos novos con material manipulativo como decena, pasos na división, lecto-escritura, etc.

Organizarase de xeito que cada profe se encargará dunha parte da asignatura ou dun programa concreto de xeito que ambos grupos teñas exactamente as mesmas actividades e non supoña un problema de coordinación.

g) Reforzo educativo e apoio do profesorado con dispoñibilidade horaria.

Segundo recolle a Orde de 8 de setembro de 2022 pola que se desenvolve o Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade, no seu artigo 48, o reforzo educativo é unha medida de atención á diversidade que afecta a secuencia de contidos, as formas e os instrumentos de avaliación, a organización da aula, o agrupamento do alumnado e todo o incluído dentro do ámbito da metodoloxía. Está destinado a alumnado que coa modificación dos elementos citados pode seguir o proceso ordinario de ensino e de aprendizaxe.

As medidas de reforzo educativo debe elaboralas a profesora ou o profesor que impartan a área, a materia, o ámbito ou o módulo en que a alumna ou o alumno necesiten esa medida, co coñecemento do profesorado titor, e este deberá informar a xefatura de estudos e a nai, o pai ou as persoas titoras legais do alumnado.

O desenvolvemento das medidas de reforzo educativo levarase a cabo no contexto escolar ordinario e polo profesorado que imparta a área, a materia, o ámbito ou o módulo. En determinados casos, o reforzo educativo do profesorado que imparta a área, a materia, o ámbito ou o módulo pode contar coa colaboración de profesorado con dispoñibilidade horaria, que actúa como un **apoiado xeral ao conxunto da aula**.



Con carácter xeral, as medidas de reforzo educativo reflectiranse nos documentos oficiais de avaliación do alumnado.

Ao final de cada curso, o profesorado, coordinado pola persoa titora, elaborará un informe individual dos reforzos educativos levados a cabo, segundo o modelo deseñado polo departamento de orientación do centro docente (Anexo I da Orde de 8 de setembro de 2021, que será arquivado segundo o procedemento establecido polo centro.

Colaboración, de profesorado con dispoñibilidade horaria

Esa colaboración non poderá substituír en ningún caso a actuación habitual do mestre responsable.

Dentro do grupo clase o profesorado con dispoñibilidade horaria (orde de 23 de xuño de 2011, pola que se regula a xornada de traballo do persoal funcionario e laboral docente), realizará os apoios que sexan necesarios, para dar resposta ás necesidades, características, motivacións, ... do alumnado. Para eso ao comezo do curso (e despois de cada avaliación) farase unha relación do horario, que cada mestre do centro ten asignado para ese cometido, proponendo e organizando eses apoios en función das necesidades existentes en cada momento.

Respecto ás **funcións do profesorado ordinario de apoio**, son as seguintes:

- Reforzar de forma individual ou grupal nas actividades que o titor ou profesor determine ao grupo de alumnos mentres o titor ou titora ofrece o reforzo ao alumnado obxecto desta medida.
- Apoiar á aula na realización dalgunha actividade (proxectos, TIC, etc) segundo o titor, titora ou especialista o determinen.

As medidas de reforzo educativo reflectiranse no expediente e historial académicos, nas actas de avaliación ao final de ciclo, nos informes de avaliación individualizados de finais de ciclo e etapa do alumno e no informe persoal por traslado, se é o caso, como RE. Farase constar cun comentario no boletín de información ás familias.

(Orden ECI/ 1845/2007, de 19 de xuño. Orde do 23-11-07. Orde do 25-06-09.)

h) Programas de enriquecemento curricular.

No caso de identificar un alumno/a con altas capacidades, porase en marcha con el ou ela, un programa de enriquecemento curricular, incluíndo metodoloxías e actividades complementarias adaptadas, tendo como referencia a proposta orientadora que figure no seu informe psicopedagóxico, cando sexa valorado.



i) Programas de reforzo nas áreas instrumentais básicas. Programas de recuperación. Programas específicos personalizados.

Estes programas están orientados á superación das dificultades detectadas na avaliación ou no curso anterior.

No decreto 155/2022 do currículo de Primaria contéplase a **permanencia dun ano máis na etapa**. A permanencia no mesmo curso considerarase unha medida de carácter excepcional e tomarase se, tras aplicar as medidas ordinarias suficientes, adecuadas e personalizadas para atender o desfase curricular ou as dificultades de aprendizaxe da alumna ou do alumno, o equipo docente considera que a permanencia un ano máis no mesmo curso é a medida máis adecuada para favorecer o seu desenvolvemento. Nese caso, o equipo docente organizará un plan específico de reforzo para que, durante ese curso, a alumna ou o alumno poida alcanzar o grao de adquisición das competencias clave correspondentes. A decisión de permanencia no mesmo curso só poderá adoptarse unha vez durante a etapa, oídas as nais, os pais ou as persoas titoras legais, e terá, en todo caso, carácter excepcional.

Estes plans de traballo incorpóranse ás programacións didácticas correspondentes e contará cos seguintes apartados segundo Orde de 8 de setembro:

- Identificación da alumna ou do alumno.
- Relación das necesidades educativas que motivaron a repetición do curso.
- Medidas ordinarias aplicadas no curso anterior.
- Estratexias metodolóxicas que se utilizarán no seu desenvolvemento.
- Recursos necesarios para o desenvolvemento do plan.

Igualmente entendemos que o alumnado que promocioe con algunha área sen superar, terá cando menos, medidas de reforzo educativo nesa materia.

Criterios de promoción:

Ao finalizar os cursos segundo, cuarto e sexto da etapa, e como consecuencia do proceso de avaliación, o equipo docente do grupo, na sesión de avaliación final, decidirá sobre a promoción do alumnado. A decisión será adoptada de xeito colexiado, tendo en conta os criterios de promoción e tomando especialmente en consideración a información e o criterio do profesorado titor. A promoción no resto de cursos da etapa será automática.

Para decidir a cerca da promoción do alumnado, teranse en conta os criterios mínimos esixibles de cada área e os criterios de avaliación, determinados en cada nivel e aprobados polo claustro.

- Para o alumnado con NEE, a decisión de permanencia dun ano máis levarase a cabo, segundo se determine atendendo á problemática específica e concreta que presenta, tendo en conta a situación persoal e primando a relación social e



integración co grupo de referencia, pospoñendo a devandita medida de permanencia ata que se considere máis pertinente, incluso ata o remate de primaria.

j) *Programas de habilidades sociais.*

Elaborados polo DO, para aplicar nas aulas polo profesorado, con todo o alumnado, especialmente nas que presenten condutas disruptivas. Neste centro figura o programa de habilidades sociais cun guión para o adestramento nas devanditas habilidades "***Habilidades de Interacción social***" do grupo de traballo dos orientadores de primaria da Mariña Lucense, curso 05/06, cunha proposta de planificación para desenvolver as diferentes habilidades sociais co alumnado.

4.2.2. Medidas extraordinarias:

Considéranse medias extraordinarias de atención á diversidade, todas aquelas dirixidas a dar resposta ás necesidades educativas do alumnado con necesidade específica de apoio educativo, que poden requirir modificacións significativas do currículo ordinario e/ou supoñer cambios esenciais no ámbito organizativo, así como nos elementos de acceso ao currículo ou na modalidade de escolarización. Aplicaranse unha vez esgotadas as de carácter ordinario ou por resultaren estas insuficientes. Para a aplicación destas medidas será necesaria a autorización da dirección do centro educativo, da inspección, da xefatura territorial ou da dirección xeral e, se é o caso, o informe xustificativo do correspondente servizo de orientación. Considéranse medidas extraordinarias entre outras as que seguen:

Medidas **extraordinarias** de atención á diversidade, establecidas no D. 229/2011

MEDIDAS EXTRAORDINARIAS PARA A ATENCIÓN Á DIVERSIDADE DO ALUMNADO DO CENTRO	a) Adaptacións curriculares.
	b) Agrupamentos flexibles.
	c) Apoio do profesorado especialista en Pedagogía Terapéutica e/ou en Audición e Linguaxe.
	d) Flexibilización da duración do período de escolarización.
	e) Programas de diversificación curricular.
	f) Programas de cualificación profesional inicial.
	g) Atención educativa ao alumnado que, por circunstancias diversas, presenta dificultades para unha asistencia continuada a un centro educativo.
	h) Grupos de adquisición das linguas.
	i) Grupos de adaptación da competencia curricular.



a) Adaptacións Curriculares significativas (AC):

Son medidas de atención extraordinaria, para dar resposta educativa ao **alumnado de necesidades educativas especiais**, que non pode seguir o currículo ordinario. Esta medida seguirá o procedemento establecido na Orde do 6 de outubro de 1995 da Consellería de EOU, tendo en conta as modificacións do Decreto 229/2021 e a Orde de 8 de setembro de 2022 que o desenvolve.

Decidirase a conveniencia de elaborar unha AC, unha **vez esgotadas as medidas ordinarias (adaptacións non significativas ou de acceso) ou por resultaren estas insuficientes**.

Estarán dirixidas a alumnado que por diversas razóns educativas, sociais, culturais, por padecer déficit de calquera índole ou por posuír características excepcionais, non poden seguir o proceso ordinario de ensino-aprendizaxe sen medidas de modificación dos elementos prescritivos do **currículo de referencia**, entendendo como tal os estándares, establecidos na concreción curricular do centro para cada nivel ou curso no que ese alumno/a determinado, se atopa matriculado.

A súa finalidade é conquistar o máximo desenvolvemento das competencias do alumno ao que se lle aplica.

Os devanditos elementos poderán ser adaptados, reducidos, complementados ou ampliados, modificados e mesmo suprimidos, podendo pertencer a outro ciclo ou etapa distinta da que se escolariza o alumno. Estarán coidadosamente programadas en función das necesidades reais do alumno ou alumna, tendo en conta, na súa elaboración, criterios tanto pedagóxicos como legais que guiarán a resposta educativa. O da AC será o **currículo adaptado**, que establece o que se vai traballar co/a alumno/a, conectado coas competencias que este ten adquiridas. Deberá estar en relación co currículo que se desenvolve na aula, (**currículo de referencia**).

As AC serán elaboradas para un ciclo e calquera modificación que se realice na mesma será debidamente autorizada pola administración educativa.

Segundo o Art. 16º.4 D 130/2007 e Art. 5º Orde do 23-11-2007, modificados polo artigo 55 da Orde de 8 de setembro de 2021 que desenvolve o Decreto 229/2011, os criterios de avaliación establecidos nunha adaptación curricular, serán o referente fundamental para a avaliación e promoción do alumno, sen que isto poida impedirle a titulación.

Cando ao remate do periodo para o que se realizou a adaptación, se precise continuar mantendo esa medida, **haberá que renova sempre**, porque cambia o currículo de referencia (correspondente ao nivel ou curso no que o alumno está



matriculado), o profesorado e as condicións para as que foi prevista. Esta só se podería manter no caso de que o alumno/a repetise e non superase a devandita adaptación.

Para realizar unha AC o Dpto de Orientación deberá **realizar previamente unha avaliación psicopedagóxica**. Para elo o mestre que estime a conveniencia de adaptar o currículo dalgún alumno, solicitará a súa valoración, cumprimentando o cuestionario previo que o departamento ten establecido. A orientadora realizará a avaliación psicopedagóxica, elaborando o correspondente informe, que recollerá os datos relevantes sobre a situación socio-familiar do alumno e sobre o seu proceso de ensino-aprendizaxe. O informe psicopedagóxico igual que o documento de adaptación curricular, formarán parte do expediente do alumno e terán carácter confidencial.

Nunha reunión do equipo docente, coordinada pola xefatura de estudos á que asistirán ademais do titor, os mestres que imparten áreas ao alumno/a ou interveñen na súa atención e a xefa do Dpto. de Orientación, que realizou a avaliación psicopedagóxica, **decidirase a pertinencia desta medida** e tamén se determinarán as áreas e aqueles elementos do currículo que deberán ser modificados, levantando acta da reunión e comunicándolle o/a titor/a á familia o acordo adoptado.

O deseño e desenvolvemento da adaptación é **responsabilidade do profesor/a** que imparte a área ao alumno co asesoramento da xefa do Departamento de Orientación e de calquera outro profesional que participe na atención ao devandito alumno/a (PT e AL). O seu desenvolvemento, realizarase integrado na medida do posible, no contexto ordinario e coas accións educativas do grupo de alumnos de referencia, agás casos excepcionais e sen exceder un tercio da xornada escolar.

Neste centro o proceso a desenvolver iniciarase durante o mes de setembro establecendo a pertinencia ou non da AC, elaborando a competencia curricular o titor responsable do/a alumno/a ou mestre de área, que lle imparte docencia e o coñece. Ao comezo do curso manteranse, entre o profesorado implicado, as reunións necesarias para a súa elaboración. Trimestralmente establecerase unha sesión para a coordinación da devandita AC e para seguimento do plan de traballo personalizado para o/a alumno/a. Do mesmo xeito que co resto do alumnado, farase unha avaliación continua da consecución dos obxectivos propostos e dos criterios establecidos na súa adaptación, **introducindo as medidas correctoras oportunas**, sempre que o progreso non sexa positivo. A citada avaliación será realizada polos mestres implicados nas sesións de coordinación e avaliación. As adaptacións serán elaboradas ao longo do primeiro trimestre e estarán rematadas o antes posible, por ser o referente da primeira avaliación do alumno.

Ao remate do período, para o que se realizou a adaptación, o titor xunto co resto



do profesorado que imparte as áreas obxecto de adaptación, e a xefa do Dpto. de Orientación, determinarán a necesidade da renovación desa AC para o ciclo seguinte e, de ser o caso as liñas xerais da mesma.

As familias dos alumnos que sigan unha AC recibirán a información pertinente das decisións adoptadas sobre a mesma. No caso de desacordo poderán reclamar perante o director do centro e se aínda persistise o desacordo, perante o servizo de Inspección que deberá resolver. Poderán contar cunha copia da adaptación curricular se así o solicitan.

A AC reflectirase e constará nos seguintes documentos: no boletín de información ás familias, no expediente académico, no historial académico, no informe persoal por traslado, se é o caso, nas actas de avaliación, no informe de avaliación final de ciclo e no informe de avaliación final de etapa. (Orden ECI/ 1845/2007, de 19 de xuño. Orde do 23-11-07. Orde do 25-06-09.)

Avaliación psicopedagóxica. Esta ten por finalidade a identificación das necesidades educativas que presenta un alumno ou alumna, para fundamentar as propostas e decisións para a súa escolarización. Tendo en conta a *Orde do 8de setembro de 2021 que desenvolve o Decreto 229/2011 de, 7 de decembro*, avaliaríanse e recolleranse tanto aspectos individuais do alumno/a coma do contexto escolar, familiar e social no que está inmerso/a e os elementos que interveñen no proceso de ensino-aprendizaxe.

Proporase unha avaliación psicopedagóxica:

- Cando exista algún tipo de discapacidade, trastorno ou circunstancia que afecte o seu desenvolvemento xeral, así como a súa aprendizaxe; igualmente, se existen indicios de altas capacidades intelectuais
- Cando se requira a aplicación dunha medida extraordinaria, ou a valoración técnica e fundamentada para tomar algunha decisión, que afecta ao futuro escolar dun alumno/a.
- Cando se preve a necesidade de recursos educativos complementarios ou apoios especializados de difícil xeneralización.
- Cando os resultados da avaliación inicial deban complementarse con esa avaliación.
- Tamén se levará a cabo previamente a un ditame de escolarización, á escolarización de alumnado con n.e.a.e., e co alumnado con dificultades para determinar as súas necesidades educativasou cando haxa que modificar o Ditame de escolarización.
- Cando a administración educativa o requira.

A solicitude desa medida, con carácter xeral, corresponde ao profesorado titor,



cando se cumpra algunha das situacións descritas e dacordo co correspondente protocolo de demanda, á xefatura do departamento de orientación.

Nos casos de alumnado en proceso de admisión será a dirección do dito centro quen a demande á xefa do departamento de orientación e, no caso de alumnado matriculado noutro centro, solicitarase a información necesaria á xefatura de departamento de orientación do centro de procedencia.

En determinadas circunstancias, a solicitude poderá proceder da Administración educativa, da propia xefatura do departamento de orientación ou das nais, dos pais ou das persoas titoras legais do alumnado. Esas circunstancias deberán acreditarse no protocolo de demanda e no informe psicopedagóxico correspondente.

Este proceso implica a aplicación de probas estandarizadas, observacións, análise e recompilación de información de parte de tódolos implicados (equipo educativo e calquera profesional que participe na súa atención), etc., rematando coa redacción dun **INFORME PSICOPEDAGÓXICO** (segundo establece a Orde de 8 de setembro de 2021 que desenvolve o Decreto 229/211 que recollerá os resultados e conclusións da devandita avaliación psicopedagóxica, incluíndo a situación evolutiva e educativa da alumna ou do alumno, a concreción e avaloración do tipo de necesidade específica de apoio educativo que presenta, as orientacións as propostas organizativas e curriculares, as axudas e os recursos necesarios, o procedemento para a revisión e a actualización do informe, e cantas outras orientacións se consideren oportunas. O informe formará parte do expediente do alumno e a información que conteña será confidencial.

O informe psicopedagóxico resultante dunha avaliación psicopedagóxica ten carácter revisable, polo que se actualizará en calquera momento da escolarización da alumna ou do alumno cando se produzan modificacións significativas da súa situación. En todo caso, a avaliación psicopedagóxica e o correspondente informe psicopedagóxico revisaranse, como mínimo, ao comezo de cada etapa educativa.

b) Agrupamentos flexibles (transitorios nalgunha área de aprendizaxe):

Non se contemplan nesta etapa educativa e serán autorizados pola Inspección ou a Xefatura Territorial.

c) Apoio do profesorado especialista en pedagogía terapéutica e/ou audición e linguaxe:

Esta medida contempla o apoio temporal dun mestre/a especialista en audición e linguaxe e/ou en pedagogía terapéutica. O alumnado obxecto desta atención, contará cunha medida de reforzo educativo ou adaptación curricular.

Para que se produza este tipo de atención, que seguirá os criterios de



utilización establecidos neste plan, será necesario que así o aconselle o **informe que recolle os resultados da avaliación psicopedagóxica** realizada polo departamento de orientación.

Para levar a cabo as intervencións destes especialistas, será necesaria a **información ás familias e a súa conformidade**.

Os criterios de prioridade para a atención ao alumnado con n.e.a.e. por parte das especialistas serán os seguintes:

1. Alumnado con n.e.e. asociadas a discapacidade.
2. Alumnado con n.e.a.e. escolarizado con A.C.I.
3. A.n.e.a.e. xa escolarizado con informe psicopedagóxico e/ou ditame de escolarización realizado.
4. Alumnado con dificultades graves de aprendizaxe (é necesario potencialo desde os niveis máis baixos).
5. Continuarase cos apoios realizados no curso anterior.
6. Terase en conta a existencia doutros alumnos con neae moi significativas nese mesmo grupo-clase, a ratio profesor/nº de alumnos e a dispoñibilidade horaria dese profesor/a.
7. O apoio será, agás momentos puntuais, dentro da aula ordinaria segundo os principios de normalización e inclusión.

As condicións de atención por parte das especialistas serán as seguintes:

- A atención partirá dun plan establecido dende o Dpto. de Orientación coa colaboración de todo o Equipo Docente, baixo a coordinación do titor e asesoramento da orientadora.
- O plan de traballo partirá da avaliación do titor e profesores de área, a avaliación psicopedagóxica da Orientadora e a información da familia.
- O apoio será, agás momentos puntuais, dentro da aula ordinaria segundo os principios de normalización e inclusión.
- Buscarase un apoio de calidade fronte a un de cantidade.

Criterios e procedementos para a detección e valoración do alumnado con necesidades e obxecto de atención específica

En canto aos criterios a ter en conta para iniciar un proceso de demanda de intervención e valoración, o proceso a seguir será o seguinte:



1. No seu labor diario, os/as mestres/as titores/as e especialistas, na aula levarán a cabo todas as medidas ordinarias ao seu alcance, para que os/as alumnos/as sigan o proceso de escolarización coa máxima normalidade.
2. Cando no desenvolvemento das diversas accións que implica a práctica do ensino, facendo un seguimento global dos procesos de aprendizaxe e avaliación continua, o profesorado detecta necesidades educativas ou dificultades nalgún/s ámbitos de desenvolvemento nun alumno determinado, tentará articular respostas educativas axeitadas.
3. Será preceptivo o intercambio de información coa familia, para coñecer as circunstancias persoais que puideran estar a influír, situación, evolución, etc.
4. Procurará responder ás necesidades detectadas con medidas ordinarias de forma normalizada, (fomenta interese, anima, facilita axudas, coñece o estado de ánimo, promove interaccións vendo como responde, esixe, ensaia estratexias, ...). Se iso é insuficiente elabóraselle un reforzo educativo. Se a evolución é positiva, progresa pero precisa tempo para acadar o nivel, séguese nesa liña ata que teña superadas as dificultades. Cando consegue superalas, péchanse as medidas de reforzo.
5. Se despois de esgotadas as medidas, procedementos e recursos ordinarios do currículo, a situación non se puido resolver, non se conseguen resultados satisfactorios e o alumno/a continúa presentando dificultades, cumpríméntase a folla de demanda de valoración, do Dpto.. de Orientación, por parte do/a titor/a, en colaboración co Equipo Docente.
6. Comunicarase aos pais/nais a través do profesor/a titor/a a necesidade da realización dunha avaliación psicopedagóxica. (Ver Folla autorización). Sempre estarán informados do proceso levado a cabo e das medidas previstas.
7. A Xefa do Dpto. de Orientación, realiza a avaliación psicopedagóxica, proporcionando orientacións concretas, para dar resposta personalizada ás necesidades educativas específicas do alumno/a e proponendo as medidas educativas e de apoio a adoptar, en función das necesidades detectadas. Incluso se é necesaria unha adaptación curricular, propoñeranse as modificacións do currículo e a atención prevista.
8. Levarase a cabo un seguimento, por parte do profesorado implicado e a Xefa do Dpto. de Orientación, da posta en práctica das medidas adoptadas. Informarase aos pais-nais trimestralmente, a través do boletín informativo, de forma escrita; informe de seguimento, se o alumno/a recibe apoio por parte do PT ou AL e si se solicita, entrevista de seguimento psicopedagógico por parte da orientadora.



Procedemento para realizar a demanda de intervención do Departamento de Orientación

Será o seguinte:

- Comunicado do/a titor/a ou mestre de área, ao equipo directivo, da necesidade de que o departamento de orientación realice esa avaliación psicopedagóxica.
- Comunicado desa demanda á xefa do departamento de orientación.
- Demanda formal por parte do titor/a ou mestre responsable, (no departamento directamente co/a orientador/a), aportando a folla de demanda establecida, cos datos que recolle cumprimentados e a folla do consentimento por parte da familia, unha vez informada. (VER PROCESO DE ORIENTACIÓN).
- Recheo de cuestionarios previos, por parte do titor/a e do profesorado implicado cando proceda, aportados pola xefa deste departamento.

d) Flexibilización da duración do período de escolarización:

Segundo a Orde de 8 de setembro de 2021, o alumnado con altas capacidades ou con N.E.E. poderá ser obxecto de medidas de flexibilización da duración do período de escolarización nas diferentes etapas do ensino non universitario. Para tal fin, será imprescindible empregar e constatar a aplicación previa doutras medidas curriculares e/ou organizativas, e a autorización da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, previa solicitude da dirección do Centro, informe dos servizos de Orientación e traslado á Xefatura Territorial.

A redución do período de escolarización do alumnado con altas capacidades intelectuais e a ampliación do mesmo para o alumnado con N.E.E. **poderase adoptar conforme os requisitos que establece a citada orde no seu artigo 58:**

O prazo para a presentación das solicitudes de flexibilización por redución será o mes de marzo e por ampliación será o mes de abril, agás casos excepcionais e debidamente xustificadas. A resolución debería comunicarlle ao centro antes do 31 de xullo. Calquera medida de flexibilización, consignarase, incluíndo a resolución pola que foi autorizada, en tódolos documentos de avaliación do alumnado.

e) Programas de diversificación curricular

Non se contemplan en E. Primaria



f) Programas de cualificación profesional inicial.

Non se contemplan en E. Primaria.

g) Atención educativa ao alumnado que, por circunstancias diversas, presenta dificultades para unha asistencia continuada a un centro educativo.

Planificaranse as intervencións educativas oportunas en función das circunstancias particulares de cada alumno ou alumna e as razóns que o/a levan a non poder asistir ao centro habitualmente (atención educativa hospitalaria e domiciliaria, alumnado menor sometido a medidas de responsabilidade penal, alumnado sometido a medidas de protección e tutela, absentismo, abandono escolar ou desescolarización, alumnado afectado por medidas de violencia de xénero e/ou acoso escolar, alumnado pertencente a familias itinerantes, xoves embarazadas,...).

Seguidamente concréntanse e especificanse algunhas accións para o alumnado coas seguintes circunstancias:

▪ **Alumnado hospitalizado e alumnado de atención domiciliaria ou convalecente no seu domicilio:** De conformidade co artigo 25 do Decreto 229/2011 A atención educativa hospitalaria e/ou domiciliaria terán por finalidade a continuidade do proceso formativo do alumnado que curse ensinanzas de réxime xeral en modalidade presencial en centros sostidos con fondos públicos e que, por prescripción facultativa, debido a enfermidade ou lesión, non poida asistir con regularidade ao centro por un período prolongado de tempo. En todo caso, priorizarase a atención ao alumnado das etapas de ensino obrigatorio.

O procedemento para acceder a esta atención educativa é o establecido nos artigos 62 punto 2 e punto 3 da Orde de 8 de setembro que desenvolve o Decreto 229/2011 que regula a atención á diversidade.

▪ **Alumnado menor sometido a medidas de responsabilidade penal:** A escolarización deste tipo de alumnado realizarase de acordo co establecido no artigo único, apartado cuarto, artigo 7 da Lei orgánica 5/2000, do 12 de xaneiro. Este alumnado terá a consideración de alumnado con necesidade específica de apoio educativo polas súas condicións persoais ou de historia escolar.

▪ **Alumnado sometido a medidas de protección e tutela:** A Consellería desenvolverá accións de carácter compensatorio destinadas a este tipo de alumnado para asegurar o seu acceso e permanencia no sistema educativo.

Na súa escolarización, este tipo de alumnado será considerado como alumnado con necesidades específicas de apoio educativo, polas súas condicións persoais ou de historia escolar desfavorables. Os centros educativos, para asegurar o seu proceso educativo, adoptarán as medidas de atención á diversidade que procedan.



- **Alumnado afectado por violencia de xénero e/ou acoso escolar:** A Consellería con competencias ao respecto asegurará a escolarización inmediata do alumnado que se vexa afectado por cambios de centro derivados de situacións de violencia de xénero ou acoso escolar acreditado segundo se establece no artigo 5 da Lei11 de 2007, do 27 de xullo. Os centros educativos prestarán unha atención especial á inclusión e normalización do devandito alumnado. Levaranse a cabo, as actuacións educativas, organizativas e de integración que se consideren pertinentes.

- **Alumnado de incorporación tardía ao sistema educativo por proceder doutros países ou por calquera outro motivo:** Realízase atendendo ás súas circunstancias, coñecementos, idade e historial académico. Cando presente graves carencias nas linguas da comunidade, por descoñecemento das mesmas, realizarase un programa de inmersión lingüística que será simultáneo á escolarización no grupo ordinario, co cal compartirá o maior tempo posible de horario semanal.

Si este alumnado ten desfase no nivel de competencia curricular, de mais dun ciclo, poderá ser escolarizado nun curso inferior ao que lle corresponde por idade. No suposto de superar o dito desfase, incorporárase ao curso que lle corresponde pola súa idade.

Dentro da idade obrigatoria o curso de incorporación pertencerá ao ensino básico, excepto no caso do alumnado con necesidades educativas especiais (Orde de 20 de febreiro de 2004 pola que se establecen as medidas de atención ao alumnado estranxeiro).

Co alumnado que chega directamente procedente do estranxeiro, unha vez solicitada a admisión no centro, o proceso será o seguinte:

Proceso de escolarización

Tempo	Tarefas	Encargados
1º día	Valoración do alumno: - psicopedagóxica - competencia curricular Proposta de adscripción Decisión sobre a adscripción Comunicación da decisión ó titor/a Comunicación da decisión á familia	Orientadora PT, AL, Outros Dpto de Orientación Equipo directivo Equipo Directivo Orientadora
2º día	Atención ó alumno(Avaliación, presentación dos profes, das dependencias, etc.) Preparación da entrada do alumno	PT, AL, Orientadora



	Plan de traballo 1º semana (materiais se é o caso) Establecemento apoios se é o caso (horarios, lugares, mestres)	Titor/a Orientadora Titor/a Orientadora Orientadora, Xefe de estudos
3º día	Integración no grupo (con apoios se é o caso)	Orientadora, AL, PT,(alum. titores)
4º día e ss	Unha sesión de apoio fora da aula para reforzo da aprendizaxe da lingua(no seu caso). Resto das sesións na aula ordinaria co apoio dentro que a organización do Centro permita.	Titor/a e profesores de apoio

h) Grupo de adquisición das linguas:

Esta e a seguinte, son medidas organizativas de atención específica, ao alumnado procedente do estranxeiro. Ámbalas dúas teñen por finalidade proporcionar unha atención individualizada ás necesidades educativas específicas do alumnado procedente do estranxeiro, así como a súa familiarización coa vida no centro.

Desenvolveranse mediante agrupamentos flexibles de carácter temporal, e deberán **ser autorizadas pola Administración Educativa**, a través da Xefatura Territorial, logo da solicitude da dirección do centro, o informe de inspección e a información previa ás familias.

Considérase alumnado obxecto destas medidas aquel que tendo unha idade comprendida entre os tres anos e o límite da escolarización obrigatoria proceda do estranxeiro e, trala correspondente avaliación reúna **algunha** das seguintes necesidades educativas:

- Descoñecemento das dúas linguas oficiais da Comunidade Autónoma.
- Desfase curricular de dous cursos ou máis.
- Presentar graves dificultades de adaptación ao medio escolar debidas a razóns sociais ou culturais.

Neste centro adoptaranse as seguintes medidas con carácter xeral:

- Tódolos alumnos integraranse na aula ordinaria sendo o titor/a responsable do programa de reforzo ou as medidas curriculares a aplicar, a elaboración dos materiais, seguimento, avaliación, etc.
- O tempo de atención destes alumnos por parte do profesorado especialista PT e AL estableceráse en función da gravidade das necesidades tal como se fai con



todo o alumnado de n.e.e. Cando o profesorado especialista PT e AL non poidan cubrir as necesidades de apoio será o resto do profesorado en horas libres de docencia o que se ocupará desa tarefa (intentando que o número de persoas implicadas para un mesmo alumno sexa o menor posible).

Particularmente, o alumnado que non domina ningunha das linguas da comunidade será obxecto das seguintes medidas:

- Deseño dun programa de aprendizaxe da segunda lingua por parte do titor/a e o Dpto. de Orientación (PT, AL e Orientadora).
- Deseño de medidas de intervención dentro da aula para favorecer a implicación do grupo á hora de facilitarlle a comprensión do idioma.
- Establecemento dunha sesión diaria de apoio fora da aula durante alomenos tres meses, para reforzo da adquisición da segunda lingua (Orde 20 de febreiro de 2004).
- Establecemento de apoios dentro da aula na medida en que o titor o solicite e a organización do Centro o permita, aténdose sempre ó establecido con carácter xeral no punto 2.

i) Grupo de adaptación da competencia curricular:

Esta medida está dirixida ao alumnado que presente un desfase curricular de dous ou máis cursos con respecto ao que lle correspondería pola súa idade, podéndose desenvolver só no segundo e terceiro ciclo de primaria, e pertencendo a unha mesma etapa educativa.

Esta medida consiste en agrupamentos flexibles, que teñen por finalidade posibilitar a plena incorporación nas actividades de aprendizaxe pertencentes ao curso no que se atope escolarizado/a.

A permanencia neses grupos levarase a cabo nunha fracción da xornada escolar que coincida coas materias de carácter instrumental, podendo estenderse ao longo de todo o ano escolar. Non obstante, o alumnado deberase incorporar plenamente ao seu grupo ordinario no momento no que a xunta de avaliación considere superadas as súas necesidades educativas.

Os horarios semanais, as funcións do profesorado, coordinacións e avaliación, referidas a estas medidas organizativas, están contemplados na Orde do 20 de Febreiro do 2004, pola que se establecen as medidas de atención específica ao alumnado procedente do estranxeiro.

Neste centro pola súas características (é pouco probable que haxa máis de 3-4 alumnos nesta situación) non se aplicará a medida como tal senón que se atenderá aos alumnos cos mesmos criterios que hai establecidos para as n.e.a.e.



5. DETERMINACIÓN DOS CRITERIOS PARA A ORGANIZACIÓN E DISTRIBUCIÓN DOS RECURSOS E A APLICACIÓN DAS MEDIDAS PROPOSTAS

A atención á diversidade e en especial ao alumnado con n.e.a.e., deberá contar cunha dotación adecuada de material, de profesorado especialista (PT, AL, coidadora, ...), espazos e tempos.

Para este alumnado de necesidades, os informes psicopedagóxicos deben indicar que tipo de material específico e que profesorado especialista se require para ofrecer unha atención educativa de calidade.

Por todo isto, destacamos como unha liña base de organización, as reunións do Dpto. de Orientación, onde se coordinarán consensuarán as intervencións e se establecerán os criterios para a organización de ditas intervencións.

5.1. Recursos Persoais.

O centro, no momento actual, conta coa seguinte dotación de persoal específico para atender ao alumnado con dificultades:

- Unha profesora especialista en P.T. definitiva.
- Unha profesora especialista en Audición e Linguaxe definitiva compartida.
- O resto do profesorado do centro, titores e mestres especialistas en Música, Educación Física, Inglés, etc., que deberán realizar e colaborar nas medidas curriculares que poidan favorecer a atención á diversidade de todo o alumnado.
- A xefa do Departamento de Orientación.
- O Equipo Directivo.

A **adscripción do profesorado**, realízase no primeiro claustro do curso, en función dos seguintes criterios:

- Procurarase que cada mestre/a imparta na súa titoría tódalas áreas, excepto as que contan con especialistas.
- En ningún caso un titor/a deberá romper a continuidade no ciclo.
- Un titor, salvo por razóns moi fundamentadas, non continuará co grupo que tivo xa dous cursos.

- Criterios para a organización:

- As intervencións poderán organizarse de forma individual ou en pequeno grupo e estarán vinculadas sempre ao currículo escolar.
- Os apoios irán dirixidos a reforzar as aprendizaxes instrumentais.
- Procurarase que os tempos de apoio nunha determinada materia se correspondan co horario do seu grupo de referencia co fin de garantir a integración do



alumno/a na súa clase.

- É fundamental e preceptiva a coordinación titor-profesor de apoio-orientadora alomenos tres veces no trimestre (de iniciación, de seguemento e de avaliación).
- O horario e número de apoios será proposto polo departamento de orientación oido o titor, sendo flexible en función da evolución do alumno/a.
- A atención a cada alumno/a ou grupo de alumnos/as, así como a modalidade de intervención (individual, en pequeno grupo, dentro ou fóra do aula) será proposta pola xefa do Dpto. de Orientación, coordinándose co titor e mestres de apoio.

5.2. Recursos Materiais.

Teremos en conta que os materiais están intimamente relacionados con todos os elementos da acción educativa e especialmente coa metodoloxía e o tipo de actividades a realizar. Os recursos son facilitadores da aprendizaxe, non condicionantes dela. Consideramos importante adaptar os materiais ás posibilidades dos alumnos de forma que comprendan significativamente a mensaxe que presentan os mesmos. Para iso:

- Manteremos unha actitude crítica ante os medios didácticos impresos.
- Dadas as necesidades educativas específicas dos alumnos/as daremos moita importancia a que as aprendizaxes "novas" se ensinen a partir de materiais "manipulativos", tipo: Ábaco, Regletas, Multibase, Puzzles, Dominós, Miniarco, Fonodil, Memorys,... sendo imprescindible o seu emprego nos primeiros niveis de primaria.
- Como complemento e/ou substitución dos libros de texto nas aulas, propoñemos a programación de tarefas integradas ou traballo por proxectos o que implica medios tecnolóxicos en bo estado de usode acceso para todos os alumnos

5.3. Organización dos tempos e os espazos.

Na primeira reunión do DO ao comezo do curso escolar abordaranse os seguintes aspectos relativos aos apoios:

- Primeira proposta dos alumnos/as susceptibles de recibir apoio por parte do profesorado de P.T. e/ou AL e aqueles que van recibilo por parte do profesorado ordinario con dispoñibilidade horaria, tendo en conta a información de que dispoñemos sobre as características dos nosos alumnos/as, a análise da previsión de apoios realizada o curso anterior, os alumnos/as de nova matrícula susceptibles de apoio e o horario de asignación ao centro do profesorado especialista.
- Plan de reunións entre os titores/as, os profesores de apoio, a xefatura do Dpto. de Orientación e a xefatura de estudos, para concretar os apoios (alumnos



atendidos, espazos, tempos, áreas,...) que van impartir tanto os especialistas como os profesores ordinarios para completar o seu horario e facer unha previsión dos tipos de apoio que conveña organizar (desdobres, , atención individualizada ou en pequenos grupos, etc), en función das características dos grupos-clase, xa constituídos, e das posibilidades reais que ofrece o centro.

- Como criterios para a distribución dos espazos e os tempos destacamos:

Os criterios xerais para decidir se os alumnos reciben a atención dentro ou fóra da aula, apoio individual ou en grupo, será unha decisión coherente, coordinada e consensuada entre o profesorado de apoio, titor/a, profesor de área, Equipo Directivo e xefa do Departamento de Orientación. En xeral os apoios:

a) Realizaranse sempre dentro da aula, agás os casos estipulados nas adaptacións curriculares e cando supoñan unha alteración grave do desenvolvemento da clase, para que o alumnado poida ter aproveitamento das actividades da aula.

b) Realizaranse fóra da aula para traballar aspectos concretos das necesidades do alumnado e/ou cando a conexión coa programación da aula sexa escasa, sempre nos casos contemplados nas adaptacións dese alumnado.

c) Realizaranse en pequeno grupo cando as dificultades e necesidades que presentan os alumnos sexan compatibles.

d) En E. Infantil os apoios faranse dentro da aula, agás casos excepcionais que xustifiquen unha intervención específica individualizada.

e) Procurarase que as horas de apoio especializado, coincidan co horario das áreas nas que van recibir apoio.

f) As horas de apoio do alumnado con n.e.a.e, non coincidirán co horario das áreas que favorecen a súa socialización ou que poidan seguir con menor dificultade (Música, E. Física e Artística), agás que nesas áreas tamén requiran axudas.

6. CONCRECIÓN DAS ACTUACIÓNS DOS DISTINTOS PROFESIONAIS EN RELACIÓN ÁS MEDIDAS DESEÑADAS PARA O CENTRO.

A finalidade de todas estas medidas e actuacións para a atención á diversidade é adecuar a resposta educativa ás diferentes características, potencialidades, ritmos e estilos de aprendizaxe, motivacións e intereses e situacións sociais e culturais de cada un dos alumnos e implica a toda a comunidade educativa (Decreto 229/2011, preámbulo). Conseguiro require dunha grande actitude colaborativa, especialmente, por parte de todos os profesionais que forman parte do equipo educativo.



- **Titores**: A titoría e a orientación forma parte esencial da función docente. Hai unha serie de actuacións que son fundamentais nesta labor:

- Realizar a avaliación inicial coa análise de todas as informacións que obren nos informes e entrevistas para coñecer as características persoais e académicas, situación familiar e escolar de cada alumno.
- Facer un seguimento dos procesos de ensino-aprendizaxe dos alumnos/as para detectar dificultades.
- Coordinar as actuacións de todos os profesionais necesarias para os alumnos/as do seu grupo e facilitar a cooperación educativa entre os profesores e os pais.
- Aplicar de forma coordinada as medidas e actuacións deseñadas conxuntamente para responder ás necesidades individuais fomentando ao tempo a integración do alumnado no grupo e a súa participación nas actividades do centro.

- **Equipo Docente**: todos os especialistas que interveñen como docentes cun alumno determinado realizarán as seguintes actuacións:

- Participar na avaliación inicial do alumnado e nas sesións de avaliación que afecten ao aneae.
- Colaborar coa orientadora na avaliación e valoracións de necesidades no proceso de avaliación psicopedagóxica.
- Elaborar e adaptar os materiais curriculares para a atención educativa e especializada dos aneae,
- Aplicar de forma coordinada as medidas e actuacións deseñadas conxuntamente para responder ás necesidades individuais.
- Participar no seguimento e avaliación dos a.n.e.a.e.

- **Profesores especialistas en PT e AL** : A atención do profesor de apoio debe ser entendida sempre como unha intervención complementaria, nunca substitutoria (ou á marxe) da actividade de profesor titor e/ou dos profesores especialistas, (inglés, educación física, música). Tendo en conta que o PT encargárase prioritariamente dos alumnos que presentan dificultades xeneralizadas de aprendizaxe e o AL dos alumnos que presentan necesidades relacionadas coa comunicación e a lingua oral e escrita, correspóndenlles, alomenos, as seguintes actuacións:

- Participar na avaliación inicial do alumnado e nas sesións de avaliación que afecten ao aneae.
- Colaborar coa orientadora na avaliación e valoracións de necesidades no proceso de avaliación psicopedagóxica.
- Elaborar e adaptar os materiais curriculares para a atención educativa e



especializada dos aneae, así como orientar ao profesorado para a adaptación deses materiais curriculares e de apoio.

- Intervir de forma indirecta con profesores e pais formando e informando.
- Intervir de forma directa cos alumnos que o precisen, como resultado das avaliacións pertinentes, mediante accións programadas. Poderán ser tanto na aula ordinaria (co grupo clase ou en pequeno grupo, para dar resposta adecuada ás súas necesidades, ou de forma individual), coma na aula de apoio (de forma individual ou en pequeno grupo).
- Realizar o seguimento e colaborar en todos aqueles aspectos que teñan relación coa súa especialidade en todo o relativo a medidas específicas extraordinarias que se estean levando a cabo, tanto do alumno, coma dos profesores de aula.

- **Xefe do Dpto. de Orientación:** É o último responsable da avaliación psicopedagóxica e da proposta de decisións e actuacións a levar a cabo. Unha vez que se poña en marcha a medida de atención á diversidade decidida, o seu papel será, especialmente, o de coordinar todo o proceso e a todos os implicados. De maneira máis específica podemos sinalar:

- Coordinar a planificación e desenvolvemento das actividades de orientación académica e profesional a través do PXAD.
- Asesorar ao Equipo Directivo, a Comisión de Coordinación Pedagóxica, e aos Equipos Docentes proporcionando criterios psicopedagóxicos e de atención á diversidade, nos elementos que constitúen os proxectos curriculares para a prevención e detección de problemas de aprendizaxe.
- Coordinar e realizar a avaliación psicopedagóxica do alumnado que precise a adopción de medidas educativas específicas ou extraordinarias, elaborando o informe psicopedagóxico.
- Asesorar no deseño, desenvolvemento e avaliación das medidas de atención á diversidade, participando na planificación e desenvolvemento das medidas específicas e extraordinarias dirixidas aos alumnos que as precisen.
- Colaborar cos titores na toma de decisións de promoción final de ciclo e/ou etapa.
- Manter vieiros de colaboración con equipos, organismos, entidades e profesionais que actúen con alumnado do Centro, levando a cabo unha coordinación e seguimento, o máis eficaz posible para a consecución dos obxectivos propostos.
- Coordinar a organización de espazos e instalacións para a orientación, a adquisición de material e de equipamento específico, velando polo seu uso correcto e conservación.
- Coordinar, en colaboración co profesorado de apoio, a atención do alumnado



con necesidades educativas especiais, elevando ao xefe de estudos, cando sexa necesario, a proposta de organización da docencia para ese alumnado.

- Participar nas sesións de avaliación para o deseño, desenvolvemento e avaliación de actuacións conxuntas que permitan a coherencia das respostas educativas, (con voz pero sen voto).

- **Equipo de Orientación Específico (EOE)**: entre outras recollidas no D. 120:

- Asesorar e apoiar ao departamento de orientación.
- Colaborar co Dpto orientación, na avaliación psicopedagóxica, se é preciso.
- Contribuír á formación especializada do departamento de orientación e do profesorado no ámbito das necesidades específicas que atenden.

- **Equipo Directivo**: Con independencia das súas funcións xerais determinadas no Regulamento Orgánico dos Centros e precisadas nas NOFCI, contemplamos:

- Promover e organizar os tempos necesarios para a aplicación deste plan.
- Coordinación de todo o equipo de profesores a través da Xefatura de Estudos.
- Facilitar e habilitar os recursos humanos e materias dispoñibles para a atención individualizada do alumnado con necesidades específicas.
- Solicitar os recursos de orientación e intervención psicopedagóxica externos, cando sexa necesario.

7. MECANISMOS DE COORDINACIÓN E COLABORACIÓN INTERNOS CON OUTRAS ETAPAS EDUCATIVAS E COS CENTROS ADSCRITOS.

O éxito ou fracaso de todas as medidas de atención postas en marcha van depender, en boa medida, do grao de coordinación e colaboración entre os profesionais do centro así coma cos profesionais, organismos, entidades, etc. que incidan no alumnado.

Coordinación intracentro. Hai unha serie de mecanismos para facilitar o traballo:

- Reunión de setembro do Equipo Docente co titor anterior convocada polo titor actual. O obxectivo e recollida de información do alumnado dos distintos profesionais docentes e a través dos informes individualizados de cada alumno e da información recollida no expediente persoal, (informes finais ciclo e/ou etapa, informes de orientación, do mestre de apoio, ...) Hai que sinalar, que cando estamos a falar do traballo deste alumnado, é prioritaria e necesaria unha eficaz



coordinación dos mestres que impartan docencia a grupos nos que se integren alumnos con nee, máis especialmente se estas son permanentes.

- Reunións coa xefa do departamento de orientación para comentar os informes de orientación ou psicopedagóxicos elaborados.
- Intercambio bidireccional de información coas familias sobre o proceso educativo dos seus fillos e para establecer pautas de actuación coherentes e complementarias, que favorezan a educación integral de todo o alumnado.
- Na programación xeral anual (PXA) do centro contéplase o calendario de reunións dos diferentes equipos docentes para realizar as xuntanzas, das que se redactan as correspondentes actas. Os aspectos relevantes, tratados nestas sesións, serán recollidos e trasladados, ao Dpto.. de Orientación e á C.C.P., a través dos titores e viceversa.
- Os equipos docentes de cada ciclo, realizarán tres xuntanzas de coordinación ao trimestre: avaliación inicial, seguimento e sesión de avaliación, participando os/as titores/as, o profesorado especialista do grupo e o de apoio, o xefe de estudos e a xefa do Dpto. Cando é necesario, lévanse a cabo outras reunións de coordinación, para as que hai que establecer en horario extraordinario.
- O profesorado de apoio, reunirase periodicamente coa xefa do Departamento de Orientación para planificar e levar a cabo actuacións coordinadas. Os asuntos tratados recóllense por escrito nos plans de reforzo. Esta dinámica de coordinación tamén se levará a cabo cos profesores titores de alumnado con neae.
- Na medida en que a organización do centro o permita, intentarase que os profesores titores de grupos nos que existan alumnos con neae, dediquen das horas de garda previstas, que non sexa necesario realizar, para reunirse e coordinarse nalgunha desas sesións, coa xefa do departamento de orientación. O titor/a será o responsable fundamental de garantir que esa coordinación se realice. No caso de non ser posible, buscarase outro horario e forma, para realizar dita coordinación, nunca se poderá prescindir dela. A xefatura de estudos, garantirá e velará pola coordinación entre o profesorado, para o bo funcionamento da atención educativa do ANEAE.
- A xefa do departamento, elabora e establece un horario, alomenos mensual, asignando unha sesión a cada titor e mestres de apoio, para que se acuda ao departamento, para coordinar as actuacións realizadas.

Familias: Dado que a tarefa educativa ten que ser compartida, no centro debemos relacionarnos todos os implicados no proceso educativo

- Será responsabilidade do titor manter contactos periódicos coas familias de todos os alumnos tomando a iniciativa en caso de que sexa necesario para realizar o intercambio de información, establecer pautas de actuación comúns e



orientar aos pais/nais en calquera aspecto do proceso educativo.

- Para o alumno con n.e.a.e. as reunións deberán contar coa participación das persoas implicadas na atención aos alumnos: PT, AL, Prof. de Apoio e Orientadora e deberán realizarse, alomenos, ao comezo e mediados do trimestre.

Servizos externos: outros organismos implicados son:

- Os centros educativos dos que proveñan ou aos que vaian asistir o noso alumnado. Garantirase a necesaria coordinación entre etapas e o traspaso de información. No ultimo trimestre do curso realizaranse as actividades previstas no plan de adaptación ao IES que inclue reunión no Instituto de secundaria co equipo directivo e orientadora para alumnos e pais por separado e visita ao centro.

Ao remate da Educación Primaria, o Dpto. de Orientación, elaborará un informe sobre o proceso educativo do alumnado, que fose obxecto de medidas de atención á diversidade, derivadas de necesidades educativas especiais. Nel recollerase unha descrición dos apoios adicionais recibidos, de tipo curricular, organizativo e de acceso ao currículo, se os houberse. Este informe, que terá carácter confidencial, xuntarase ao do titor e profesorado de apoio, se é o caso, coa documentación que se remite ao centro no que o alumno vaia continuar escolarizado e estará á disposición da inspección educativa. (Decreto 55/ 2022 no seu artigo 30).

- Os servizos sociais e especialmente a Educadora familiar desempeña un papel fundamental para as familias de alumnos procedentes do estranxeiro e as que están baixo a protección destes servizos. Titores, Equipo Directivo e Orientadora manterán xuntanzas ao longo do curso e en cada unha das situacións que se requira: Na posta en marcha do Plan de Adaptación cando entran os alumnos, na provisión de recursos cando non dispoñen deles a familia, na información ás familias cando non coñecen o idioma, na relación con outros servizos coma os sanitarios, en actividades de escola de pais ou implementación de programas de intervención dentro do fogar.
- O Concello, e todos os responsables de áreas relacionadas con programas educativos e deportivos ou culturais.
- Igualmente con outros axentes coma as estruturas responsables de formación como Universidades ou o Centro de Formación e Recursos; Administración,... para concretar a súa colaboración nos distintos programas, visitas,...; diversas asociacións en función das necesidades do alumnado (ONCE, APNED, UAT,...);



8. CANLES DE COLABORACIÓN COAS NAIS, PAIS OU TITORES E TITORAS LEGAIS DO ALUMNADO E OS DIFERENTES SERVIZOS EXTERNOS AO CENTRO.

A Lei 4/2011, de 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa, establece os dereitos e deberes de convivencia e participación dos membros da comunidade educativa (familias, mestres, alumnos e persoal da admon.).

No Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado, sinala que un dos principios que rexerá a atención á diversidade será a participación de toda a comunidade educativa. As accións preventivas e a detección temperá terán carácter prioritario nos centros docentes, coa implicación e a participación de toda a comunidade educativa. As nais/pais ou titores/as legais do alumnado, recibirán de forma individualizada, a necesaria información e asesoramento respecto das características e necesidades do alumnado e das medidas a adoptar para a súa atención. O centro deberá promover a implicación das nais, pais ou titores e titoras legais do alumnado no proceso educativo e deberán ser informados dos procedementos para a detección temperá das necesidades educativas do alumnado e dos resultados de identificación e valoración, así como, de ser o caso, da aplicación das actuacións e medidas de atención á diversidade que se consideren oportunas. Os servizos de orientación deberán asesorar á totalidade da comunidade educativa nos procesos de identificación das necesidades educativas do alumnado, na súa valoración, nas medidas educativas a adoptar e na súa avaliación. Darán a coñecer á comunidade educativa os procedementos para a demanda de elaboración de avaliacións psicopedagóxicas.

As familias, deberán ser informadas dos resultados das avaliacións psicopedagóxicas e das medidas propostas, tendo dereito a obter copia do informe psicopedagógico nas condicións que establece a Consellería de Educación. Os centros educativos promoverán a implicación das nais, pais ou titores e titoras legais do alumnado en todas aquelas medidas destinadas ao desenvolvemento integral do alumnado, particularmente nos ámbitos referidos a: mellora da autonomía, esforzo, autoestima, participación e convivencia. Nos documentos de organización, xestión e funcionamento do centro deberán recollese actuacións destinadas a esta finalidade.

As nais, pais ou titores e titoras legais do alumnado deberán colaborar no proceso de avaliación inicial do alumnado así como no das posibles avaliacións psicopedagóxicas. Os centros docentes promoverán a posta en marcha de programas familia-escola e/ou das medidas que correspondan para que as nais, pais ou titores e titoras legais do alumnado reciban información e asesoramento que lles axuden no seu labor educativo, faciliten a comunicación co profesorado e potencien a participación na vida dos centros. A obtención e o tratamento dos datos persoais do alumnado, das nais,



pais ou titores e titoras legais deste, en especial os que figuren nos documentos oficiais, a súa cesión duns centros a outros e a adopción de medidas que garantan a seguridade e a confidencialidade dos devanditos datos, someteranse ao disposto na lexislación vixente en materia de protección de datos de carácter persoal.

Nas canles de participación colectivas están as **asociacións de pais/nais de alumnos (ANPAS) e o Consello Escolar (CE)**.

A nivel de centro, realízase unha **reunión informativa xeral**, á que se convocan os pais, nais e titores legais de todo o alumnado. Nela abórdanse algúns aspectos xerais do funcionamento do centro, presentacións do profesorado, tendo un papel destacado a intervención do director.

A nivel de aula, os titores realizan as **reunións de comezo de curso**, cos pais, nais e titores legais do seu alumnado, para tratar aspectos relativos ao funcionamento do grupo-clase.

Dentro das canles de participación individuais, están:

As entrevistas: tendo en conta que os obxectivos variarán en función do momento e a razón da mesma, temos a entrevista inicial: búscase un intercambio de información. Nos primeiros encontros os pais terán a oportunidade de coñecer o centro, o profesorado,... O centro poderá rexistrar datos persoais, historia clínica, hábitos e actitudes, escolarización anterior, etc.. Entrevistas posteriores: para solicitar a información pertinente e trasladar datos aos pais sobre o proceso de adaptación do neno, nivel de aprendizaxe, aceptación na aula, etc. Faranse as reunións, que sexan necesarias ao longo do curso, con calquera dos implicados no proceso educativo do alumno ou alumna, principalmente co titor/a, tendo en conta a hora semanal de tutoría.

Tamén se realizan **encontros informais**: ás veces non é sinxelo concertar entrevistas ou reunións polo que deberemos aproveitar certas ocasións por exemplo ás saídas ou entradas no centro, chamadas telefónicas, notas informativas, compromisos educativos, axendas, caderno viaxeiro, ... moi útiles sobre todo no caso de nenos pequenos ou con problemas de comunicación. Nestes casos adóitase rexistrar datos cotiáns, solicitudes de actividades ou materiais, etc. Ademais os xoves en sesión de tarde, hai unha hora de tutoría, na que as familias dispoñen do horario de atención a pais, por parte do profesorado. Estas entrevistas individualizadas, serven para intercambiar información, coñecer e realizar un seguimento do alumno individualmente considerado e de, ser o caso, adoptar decisións conxuntas, favorecer a integración do alumno no grupo, etc.

No suposto de ter que adoptar medidas extraordinarias de atención á diversidade, realízase unha convocatoria e entrevista coa familia do alumno para informala do proceso a seguir e solicitar a súa conformidade ou desconformidade coa devandita



medida. Tamén se segue o mesmo proceso para adoptar medidas de reforzo.

Temos en conta os **Informes de avaliación**, a través dos que se lles fará chegar información aos pais sobre o proceso educativo dos nenos. Nos boletíns emitidos en cada unha das sesións trimestrais de avaliación, proporcionarase información non só das cualificacións obtidas polo alumno, senón que se realizan observacións e anotacións dos aspectos máis relevantes da súa evolución. A finais de cada curso e ao remate da etapa, elabórase un informe individualizado de cada alumna e alumno, no que se reflicten as características principais e se detallan, de ser o caso, as medidas de atención á diversidade que foi preciso adoptar, ao longo da súa escolarización.

9. PROTOCOLOS PARA A SOLICITUDE E/OU AUTORIZACIÓN DAS MEDIDAS EXTRAORDINARIAS.

A este respecto o centro dispón dos protocolos correspondentes, recollidos no anexo e nos diferentes procesos.

10. PROCESOS DE SEGUIMIENTO, AVALIACIÓN E MELLORA DO PLAN.

O obxectivo da avaliación deste plan, será a de analizar, a súa adecuación á realidade do centro e prever e planificar as modificacións necesarias. O D. 229/2011, recolle: "O seguimento e a avaliación como procesos de mellora. Indica que tódolos sectores implicados deberán participar nos procesos de seguimento e avaliación dos progresos, recollendo información dos distintos sectores da comunidade educativa e tendo en conta aspectos cuantitativos e cualitativos.

O EQUIPO DIRECTIVO será o responsable do desenvolvemento, seguimento e avaliación deste plan. Velará polo cumprimento da concreción anual do PXAD, da súa avaliación e memoria. A finais de curso o Dpto.. de Orientación, elaborará a correspondente memoria, establecendo as pertinentes propostas de mellora. Esta incorpórase á memoria do departamento de orientación e en consecuencia á memoria anual do centro".

A tenor desta referencia, a avaliación do Plan realizarase dentro da avaliación xeral da nosa práctica docente e quedará reflectida na Memoria de Fin de Curso que o Equipo Directivo presenta para a súa aprobación ao Consello Escolar. Se toda avaliación educativa é continua, no caso deste plan moito máis. Realizarase un seguimento trimestral da súa aplicación e ao finalizar o curso procederase á súa



avaliación, realizada a varios niveis:

- a) Valoración da aplicación do plan e da súa eficacia. Esta valoración recollerá, as conclusións das avaliacións que os ciclos realizarán trimestralmente, acerca das medidas de atención a diversidade desenvolvidas.
- b) Valoración global do Plan a finais de curso, que se realizará de acordo aos seguintes criterios:
 - Operatividade e coherencia co resto de plans e proxectos do Centro.
 - Resposta á diversidade do Centro e a novas situacións que poidan presentarse en calquera momento.
 - Aproveitamento dos recursos humanos e materiais do Centro.
 - Cumprimento das funcións por parte dos distintos profesionais implicados.
 - Canles adecuadas de coordinación entre os distintos profesionais.
 - Valoración da información e relación familia-escola.
 - Valoración dos resultados obtidos, polo alumnado receptor.

O proceso a seguir na avaliación do Plan Xeral de Atención á Diversidade será o seguinte:

- Análise e valoración nas reunións correspondentes.
- Recollida destas, no Dpto. de Orientación.
- Posta en común das conclusións e iniciativas propostas na CCP.
- Inclusión das valoracións na Memoria Final de Curso. As conclusións serán base para a concreción anual do curso seguinte.
- Elevación de conclusións e propostas de modificación, no seu caso, ao Claustro de Profesores, para a súa aprobación.

A través das reunións do Departamento, así como de reunións da orientadora cos distintos titores, mestres de apoio e profesorado en xeral, farase un seguimento do plan de traballo do departamento, que estará enmarcado dentro das liñas deste plan.

As revisións/modificacións do Plan Xeral de Atención á Diversidade, faranse no primeiro mes do curso, atendendo ás conclusións e ás realidades dese momento, ao tempo que se elabora a concreción do devandito plan, para incluír na PXA.

Para facilitar a recollida de datos reflíctense a continuación os principais indicadores dos procesos de seguimento, avaliación e memoria do PXAD:



VALORACIÓN DAS ACTUACIÓN DE TIPO ORGANIZATIVO:

Organización dos horarios:	
De ser o caso, propostas alternativas:	
Organización dos recursos persoais:	
Organización e proceso de coordinación dos recursos persoais:	
Adecuación entre as necesidades detectadas e as medidas previstas	
Proceso para a detección das necesidades educativas do alumnado:	
A atención á diversidade, nas reunións dos equipos docentes, de ciclo, nivel:	
Nas sesións de avaliación:	
Nas reunións do Departamento de Orientación:	
Na Comisión de Coordinación Pedagóxica:	
A atención individualizada e coordinación do profesorado co Dpto. de Orientación:	
Viabilidade do proxecto e aplicación das medidas de atención á diversidade previstas:	

AVALIACIÓN DAS MEDIDAS CURRICULARES DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE:

ACs: (elaboración e seguimento).	
Apoios do profesorado de PT e o de AL: (memoria).	
Apoios do profesorado con dispoñibilidade horaria: (memorias ciclos).	
Medidas de flexibilización: (memorias Dpto. orientación).	
Permanencia dun ano máis no ciclo: (memorias ciclos).	
Outros (especificar):	

VALORACIÓN DOS ASPECTOS RELACIONADOS COS RECURSOS PERSOAIS:

Adecuación ás necesidades do centro, de ser o caso, propostas alternativas:	
Funcionalidade da organización dos recursos:	
Satisfacción do profesorado coa organización dos recursos:	



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

C.E.I.P. "JUAN REY"

Avda de Soutelo,13. 27760 LOURENZÁ-LUGO

Tfno.: 982 870383

<http://www.edu.xunta.es/centros/ceipjuanrey/>

email: ceip.juan.rey@edu.xunta.es

**VALORACIÓN DOS RESULTADOS OBTIDOS POLO ALUMNADO
OBXECTO DE MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE:**

**VALORACIÓN MEDIDAS GRUPAIS DE APOIO EDUCATIVO (PROTOCOLO
PAX. SEGUINTE):**

PROPOSTAS DE MELLORA:

11. ANEXOS



ANEXO I

FOLLA DE SOLICITUDE DO TITOR/A Ó DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN

Antes de iniciar o proceso de exploración do alumno/a que nos derivas, necesitamos algunha información. Solicitámosche que sexa o máis concreta posible. Se existen outras informacións que non aparecen recollidas nestes puntos e consideras que son importantes, podes anotalas no reverso da folla.

NOME E APELIDOS DO ALUMNO/A: _____

IDADE: _____ **DATA DE NACEMENTO:** ____ / ____ / ____

CENTRO: _____ **NIVEL:** _____

TITOR/A _____ **DATA:** _____

A.- MOTIVO DA DEMANDA(*Que é o que máis che preocupa do alumno/a nestes momentos?*):

B.- Resumo de aspectos importantes da súa escolarización (*Idade de comezo, anos cursados, evolución das distintas áreas, adopción de medidas de repetición, outras medidas, etc...*)

C.- Aspectos relacionais e actitudinais (*Como describirías a súa personalidade e como se relaciona cos compañeiro*).

D.- Aspectos de área/as de aprendizaxe nas que considera que presenta dificultades, *describindo como o alumno/a se manexa nas actividades plantexadas..*

E.- ¿Que medidas se adoptaron para tratar de que o alumno/a supere esas dificultades? (*Centro, aula, familia*).

F.- OUTRAS OBSERVACIÓNS(*Ao reverso*):

O/A TITOR/A

Asdo:



**ANEXO II
AUTORIZACIÓN DAS FAMILIAS PARA A REALIZACIÓN
DA AVALIACIÓN PSICOPEDAGÓXICA (INTERVENCIÓN DO
DPTO DE ORIENTACIÓN)**

Alumno/a:			
Data de nacemento		Nivel	
Titor/a			
Domicilio familiar			
Teléfono			
D.	con DNI		
Dª	con DNI		
<p>Pai e nai ou titor/a legal (risque o que proceda) deste alumno/a, fun informado/a da conveniencia da realización dunha avaliación psicopedagóxica, tal como se recolle na Orde do 31 de outubro de 1996 (DOG do 19-12-1996), por parte do /a xefe/a do Departamento de Orientación co fin de avaliar as necesidades educativas que poida presentar o meu fillo/a e que permitan a posterior adopción das medidas de atención educativa oportunas, conducentes ao seu mellor desenvolvemento académico, persoal, social e cognitivo.</p> <p>Polo que :</p> <p><input type="checkbox"/> AUTORIZO</p> <p><input type="checkbox"/> NON AUTORIZO (declaro que fun debidamente informado/a da necesidade desta avaliación).</p>			
	Lourenza	de	de 20
	O/A pai/nai, ou titor/a legal		O/A titor/a
Asdo nai:.....	Asdo:		
Asdo pai:.....			



ANEXO III

FICHA PARA SOLICITUDE DE INTERVENCIÓN DO E.O.E.

D/Dona _____ en calidade de Xefe-a do Departamento de Orientación/Director-a do **CEIP Juan Rey** de **LOURENZÁ** SOLICITA do Equipo de Orientación Específico de Lugo, a través do especialista que corresponda, unha valoración e orientación do alumno:

DATOS DE IDENTIFICACIÓN:

Apelidos e Nome: _____ Data de nacemento: --/--/20-- Enderezo -

Teléfono _____ Nome do pai _____ Profesión _____
- Nome da nai _____ Profesión _____ N° de irmáns --- Lugar que ocupa ____

DATOS ESCOLARES:

Está escolarizado no Centro: **CEIP Juan Rey de Lourenzá** Etapa _____ Nivel ---- sendo o/a seu/súa profesor/a titor/a D. _____ Teléfono do Centro **982 870381** Tivo adaptación de idade en _____ Motivo _____

Ten informes psicopedagóxicos anteriores: Si/Non -- Datas dos mesmos --/--/20-----

Posúe certificado de minusvalía XNon. Data: ____/____/____ Calificación _____ %

Diagnóstico: _____

APROXIMACIÓN DIAGNÓSTICA: Breve resumo das observacións efectuadas, probas aplicadas e resultados das mesmas, se é o caso).

DEMANDA:

- | | |
|--|---|
| <input type="checkbox"/> Problemas sociofamiliares | <input type="checkbox"/> Trastornos motóricos |
| <input type="checkbox"/> Dificultades na linguaxe oral | <input type="checkbox"/> Trast. xeneralizadas do desenvolvemento (espectro autista) |
| <input type="checkbox"/> Trastornos de conduta | <input type="checkbox"/> Sobredotación intelectual |
| <input type="checkbox"/> Discapaciades sensoriais | <input type="checkbox"/> Orientación Vocacional e Profesional |

ESPECIFICACIÓN E CONCRECIÓN DA DEMANDA Ó E.O.E.:

En _____ a --- de _____ de 20----

Vº e Prace

Selo do Centro

O/A Xefe-a do Departamento/Director-a

O/A Inspector/a do Centro

Asdo:



**ANEXO IV
AUTORIZACIÓN DA FAMILIA PARA A SOLICITUDE DA
ADAPTACIÓN CURRICULAR SIGNIFICATIVA**

Alumno/a:			
Data de nacemento		Nivel	
Titor/a			
Domicilio familiar			
Teléfono			
D.		con DNI	
D ^a		con DNI	
<p>pai/nai ou titor/a legal (risque o que proceda) deste alumno/a, fun informado/a da conveniencia de adoptar como medida extraordinaria a realización dunha Adaptación Curricular significativa, dadas as dificultades que presenta para seguir as aprendizaxes correspondentes ó seu nivel e seguindo as recomendacións dos servizos de orientación do Centro.</p> <p>Polo que :</p> <p><input type="checkbox"/> AUTORIZO</p> <p><input type="checkbox"/> NON AUTORIZO (declaro que fun debidamente informado/a da necesidade desta medida).</p>			
	Lourenzá	de	de 20
	O/A pai/nai, ou titor/a legal		O/A director/a
Asdo pai:			
Asdo nai:.....		Asdo:	



**ANEXO VI
MODELO DE FICHA DE AVALIACIÓN PARA REFORZO
(EXEMPLO)**

ALUMNO: _____ Data nac: _____ Nivel: _____

Data aval.: _____

ÁREA	ESTÁNDARES	COMPETENCIA	COÑECEMENTOS. PREVIOS	CONDICIÓNS PERSOAIS	ESTILO APRENDIZAXE
	Con respecto a ...	Non foi capaz de ...	Porque non...	Tamén inflúe que...	Ten mellores resultados cando...
Lingua	Correspondencia grafema-fonema	-asociar fonema co grafema correspondente - realizar a grafía das letras	- ten ningunha relación establecida para evocar o son. -entendeu a mecánica da decodificación	-non acada ningún éxito no que fai - todos din del que é un desastre	-se lle apoia con material manipulativo -se lle da aprobación antes de empezar



MODELO DE FICHA DE PROGRAMACIÓN DO REFORZO

ALUMNO: _____

TEMPORALIZACIÓN: Dende _____ Ata _____

ÁREA	ESTÁNDARES	COMPETENCIA	RECURSOS	NECESIDADES	ACTIVIDADES
	Debemos volver atrás en.....	Para que sexa capaz de	Os seus puntos fortes son...	As habilidades que temos que mellorar ...	a- Mentres os demais fan el fai...
Lingua	- asociar as maiúsculas e minúsculas das letras p,l,m,d con algún obxecto.	- ler as palabras con sílabas directas. - escribir sílabas e palabras con maiúsculas e minúsculas.	ten moita imaxinación e fantasía ten grandes desexos de agradar ten boa comprensión ten boa memoria	crear un hábito de traballo e vencer o cansazo valor do traballo ben feito	a- mentres os demais fan a "ficha" do h él fai a mesma ficha pero co p. Que repase co dedo mentres verbaliza o movemento das grafías



ANEXO VII
ESCALA OBSERVACIÓN PARA A DETECCIÓN DE N.E.E. EN E.
INFANTIL (3ANOS)

DATOS DE IDENTIFICACIÓN:

NOME E APELIDOS DO ALUMNO: _____			
DATA	DE	NACEMENTO: _____	CURSO: _____
TFNO: _____			
NOME DO PAI: _____		NOME DA NAI: _____	
NOME	DO	TITOR/A: _____	
DATA: _____			

ÁREAS DE DESENVOLVEMENTO:

1. COMUNICACIÓN E LINGUAXE:

1	ESTABLECE CONTACTO VISUAL COA PERSOA	SI	NON	AV
2	<i>Amosa intención comunicativa:</i> <i>2.1.-Pide, solicita, (expresa necesidades básicas)</i>			
	<i>2.- Amosa, comparte (ve algo e fai partícipe ó adulto)</i>			
3	IMITA ALGÚN TIPO DE COMUNICACIÓN (XESTOS, PALABRAS, SONS, ACCIÓNS EN XERAL)			
4	<i>Emite varias palabras con senso de xeito espontáneo</i>			
5	CUMPRE OU SEGUE ORDES SINXELAS			
6	<i>Expresa emocións mediante (alegría, tristeza, xestos, choros, etc)</i>			
7	RESPONDE A PREGUNTAS SINXELAS			
	OBSERVACIÓNS:			



2. AUTONOMÍA PERSOAL

SI NON AV

1	COME E BEBE SEN AXUDA (NA AULA)			
2	Controla esfínteres habitualmente			
3	UTILIZA O ASEO CON CERTA AUTONOMÍA			
4	<i>Lava e seca as mans</i>			
5	QUITA PRENDAS FÁCILES DESABROCHADAS			
6	<i>Afástase dos perigos (ventás, escaleiras, enchufes,...)</i>			
7	DIFERENCIA O QUE SE COME DO QUE NON			
8	PIDE AXUDA CANDO A NECESITA			
	OBSERVACIÓNS:			

3. SOCIABILIDADE:

SI NON AV

1	<i>Atende cando o/a chamamos polo nome (mira, reacciona,...)</i>			
2	<i>Diríxese ás persoas para pedir ou preguntar</i>			
3	<i>Responde ou reacciona ó saúdo ou despedida (algunha manifestación)</i>			
4	ACÉRCASE ÓS COMPAÑEIROS/AS CON ALGUNHA INTENCIÓN, EN DISTINTAS SITUACIÓNS			
5	PARTICIPA E INTERVÉN EN XOGOS E ACTIVIDADES DE GRUPO			
6	AMOSA AFECTO, SIMPATÍA EN RELACIÓN COAS PERSOAS			
7	EXPRESA EMOCIÓNS COHERENTES Á SITUACIÓN			
8	SISTEMATICAMENTE TEN PROBLEMAS PARA RELACIONARSE COS COMPAÑEIROS/AS			
9	<i>É aceptado polos compañeiros/as</i>			
10	RECOÑECE EXPRESIÓNS DE EMOCIÓNS BÁSICAS NOS DEMAIS			
11	<i>Amosa comportamentos autolesivos:</i>			
	<i>11.1.- Con respecto a si mesmo</i>			
	<i>11.2.- Con respecto ós outros</i>			



	<i>11.3.- Con respecto ós obxectos</i>			
12	<i>Presenta conductas disruptivas (interfire a actividade dos demais, interrompe, berra,). Outras ¿cales?</i>			
<i>OBSERVACIÓNS:</i>				

4. PSICOMOTRICIDADE:

SI NON AV

1	CAMIÑA CON SOLTURA DE XEITO AUTOMÁTICO			
2	CORRE SEN TROPEZAR NIN CHOCAR FRECUENTEMENTE			
3	<i>Controla o seu corpo e a actividade dinámica do mesmo (parada, equilibrio)</i>			
4	SOBE E BAIXA ESCALEIRAS AGARRADO			
5	REGULA A FORZA PARA AGARRAR OBXECTOS			
6	FAI A PINZA ÍNDICE/PULGAR PARA AGARRAR OBXECTOS			
<i>OBSERVACIÓNS:</i>				

5. ÁREAS SENSORIAIS

SI NON AV

1	<i>Reacciona a estímulos auditivos (ruidos fortes, chamadas en voz alta,..)</i>			
2	APROXIMA MOITO OS OBXECTOS Á CARA			
3	AMOSA UNHA DISTRACCIÓN ESAXERADA			
4				
5				
<i>OBSERVACIÓNS:</i>				



6. **ÁREA COGNITIVA:** SI NON AV

1	SABE O SEU NOME			
2	<i>Amosa curiosidade (explora, pregunta,)</i>			
3	<i>Identifica e nomea obxectos cotiás</i>			
4	<i>Agrupar obxectos en función dunha característica (coches, comidas, etc)</i>			
5	<i>Compara cualitativamente (grande/pequeno, alto/baixo, moito/pouco, ..)</i>			
6	<i>Anticipa consecuencias das súas accións (mollarse, romper algo,)</i>			
7	PRESTA ATENCIÓN PERIODOS MÍNIMOS DE TEMPO			
OBSERVACIÓNS:				

7. **ADAPTACIÓN Á ESCOLA:** SI NON AV

1	<i>Acepta a dirección e axuda dos adultos</i>			
2	<i>Soe estar contento e tranquilo</i>			
3	<i>Acepta ós compañeiros/as, interactúa con eles/as</i>			
4	<i>Busca e coloca os obxectos nos sitios habituais</i>			
5	<i>Localiza os lugares máis significativos do centro (patio, baño,)</i>			
6	<i>Persiste en conductas de apego excesivo á persoa de referencia familiar</i>			
7	<i>Conece as normas básicas do grupo e intégrase nel (non vai por libre)</i>			
OBSERVACIÓNS:				



8. ÁREA DE CONDUCTA

SI NON AV

1	AMOSA UN COMPORTAMENTO AGRESIVO			
	<i>1.1.- consigo mesmo</i>			
	<i>1.2.- cos demais</i>			
	<i>1.3.- cos obxectos</i>			
2	<i>Ten hábitos atípicos (esteriotipias)</i>			
3	<i>Amosa conductas sociais ofensivas (fala moi alto, insultos, palabrotas)</i>			
4	PRESENTA RETRAIMENTO, FALLA DE ATENCIÓN, TIMIDEZ ESAXERADA			
5	<i>Ten conductas non colaboradoras (negativismo habitual)</i>			
OBSERVACIÓNS:				

OUTRAS OBSERVACIÓNS DE CARÁCTER XERAL OU DE INTERESE ESPECIAL: